O día 28 de febreiro rematan o seu labor estes profesionais temporais despois de 9 meses e os resultados do servizo son algo mellores, mais en absoluto suficientes: en total, o servizo levará resoltos algo máis de 1000 expedientes dende que estas equipas temporais están traballando. O EVO Norte de Pontevedra outorga data para as citacións a persoas que o solicitaron en agosto/setembro de 2016, data algo máis avanzada para os expedientes prioritarios, os de crianzas e os de persoas maiores, que ronda o mes de maio de 2018. Ao que hai que engadir que o sistema informático é un desastre e que, dende que se implantaron as novas solicitudes de discapacidade, Galicia é a única Comunidade que marca NON á valoración social por defecto, que se deixa entón aos traballadores de cada Concello.

A maiores, os médicos de atención primaria revisaban e resolvían expedientes en virtude dun Convenio co Sergas (aínda que as reclamacións de todos os expedientes eran resoltas polos 3 equipos, digamos “titulares”). Dende que as equipas temporais comezaron, ese convenio caeu nun limbo, descoñecendo os cartos que ten costado e os seus resultados.

Como consecuencia, a tramitación dos expedientes non leva a velocidade precisa, polo que os efectos prexudiciais afectan a beneficios fiscais (100 euros mensuais da AEAT por prestación de fillo a cargo), ás becas escolares, ao acceso á universidade, ás reducións no IRPF, ás exencións no imposto de matriculación de vehículos, ás axudas para usar prazas de aparcadoiro e ata o dereito de acceso a prazas de emprego público.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai crear en 2019 o Goberno galego novas e definitivas equipas EVO para a provincia de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Noela Blanco Rodríguez  
María Luisa Pierres López  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2019 11:15:27**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2019 11:15:33**

**María Luisa Pierres López na data 16/01/2019 11:15:38**

**Julio Torrado Quintela na data 16/01/2019 11:15:43**



## Á Mesa do Parlamento

**Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A rehabilitación é un dos eixos fundamentais na política de vivenda da Xunta de Galicia.

Froito desta aposta, en 2017 o Goberno galego poñía en marcha un novo programa de axudas aos concellos de menos de 20.000 habitantes para a rehabilitación das antigas vivendas de mestres, doutros oficios, así como vivendas de titularidade municipal.

Un novo programa a través do cal os municipios poden solicitar subvencións para rehabilitar e poñer en valor edificios da súa titularidade, co obxectivo e compromiso de obter vivendas destinadas ao alugueiro con prezos reducidos, para familias con ingresos limitados.

En 2017 realizouse unha primeira convocatoria destas axudas e no presente exercicio, 2018, xa a segunda, que incrementou de forma notable a dotación orzamentaria prevista, para poder responder á demanda e ao interese que ten suscitado entre os concellos.

É por iso que os deputados e deputadas asinantes formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

-Que balance fai o Goberno galego das primeiras convocatorias do programa de axudas aos concellos para a rehabilitación de antigas vivendas de mestres, outros oficios e demais edificios de titularidade municipal?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 16/01/2019 12:47:23**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**Martín Fernández Prado na data 16/01/2019 12:47:34**

**Jacobo Moreira Ferro na data 16/01/2019 12:47:53**

**Marta Novoa Iglesias na data 16/01/2019 12:48:10**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 16/01/2019 12:48:21**

**Gonzalo Trenor López na data 16/01/2019 12:48:34**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/01/2019 12:48:55**



## Á Mesa do Parlamento

**Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Goberno galego nos últimos anos veu intensificando a súa aposta pola rehabilitación de vivendas na nosa Comunidade a través da convocatoria de distintas liñas de axuda destinadas a preservar o patrimonio construído, mellorar as condicións das vivendas dos galegos e así incidir nunha mellor calidade de vida dos cidadáns.

Esta aposta responde a un compromiso expresado polo Partido Popular de Galicia no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega en setembro de 2016. Este programa, que dedicaba un epígrafe específico á recuperación dos cascos históricos facía unha mención expresa a unha actuación singular co nome Rexurbe e que se definía deste xeito: *“Realizaranse intervencións directas e intensas de carácter público adquirindo e rehabilitando edificacións completas para conseguir a recuperación de espazos urbanos moi degradados onde a iniciativa privada non realiza ningunha intervención debido ao alto grado de deterioro ou marxinalidade do ámbito. Deste xeito, recuperaranse importantes espazos urbanos conseguindo dinamizar economicamente estes ámbitos, protexer o patrimonio construído e fixar poboación nos cascos históricos de Galicia”*.

Seguindo este compromiso, nesta lexislatura ademais das distintas liñas de axudas dirixidas aos propietarios e aos concellos para a rehabilitación de vivendas e dos contornos urbanos, a Xunta tamén está a impulsar outras actuacións directas de rehabilitación, en distintas cidades galegas, en inmobles que son da súa propiedade.

Recentemente, tamén anunciaba que ía seguir apostando por estas actuacións de rehabilitación directa, coa adquisición de novos inmobles en distintos centros históricos de cidades e vilas galegas.

O pasado 12 de xaneiro publicaba unha oferta pública de adquisición de inmobles nos núcleos históricos dos concellos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense que serán rehabilitados directamente pola Xunta no marco do Programa Rexurbe.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com





- Que investimento prevé destinar a Xunta para a adquisición de inmobles nos núcleos históricos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense no marco do programa Rexurbe, e para a súa posterior rehabilitación?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2.019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 16/01/2019 12:49:38**

**Martín Fernández Prado na data 16/01/2019 12:49:49**

**Jacobo Moreira Ferro na data 16/01/2019 12:50:02**

**Marta Novoa Iglesias na data 16/01/2019 12:50:23**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 16/01/2019 12:50:36**

**Gonzalo Trenor López na data 16/01/2019 12:50:57**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/01/2019 12:51:07**



## Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Durante o pasado verán de 2018, a Xunta de Galicia asumiu a decisión de concentrar os servizos de pediatría en atención primaria en torno ás vilas e poboacións máis densas e grandes das comarcas galegas. Esta decisión tivo que ver coa necesidade de resolver o problema derivado das vacacións dos profesionais que prestan servizo no Sergas, e a ausencia de número suficiente de profesionais de pediatría para cubrir estas ausencias. Nalgúns centros, a ausencia do profesional de pediatría cóbrese con médicos de medicina familiar con algunha experiencia previa en atención pediátrica, ou con algunha formación en puericultura, pero unha gran parte deles non teñen ningunha cobertura.

Con motivo da decisión adoptada de agrupar o servizo en torno a determinados centros de saúde e, ao fío dunha interpelación e unha moción presentadas polo Grupo Socialista no Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia non confirmou nin desmentiu que a agrupación de profesionais fose unha decisión con previsión de estabilidade, o que acentuou a preocupación de pais e nais que non tiñan certeza sobre a continuidade do servizo de pediatría en primaria, que se prestaba nos centros de saúde de referencia por profesionais especialistas en pediatría.

O decisión de agrupar os profesionais está a ter consecuencias importantes na calidade do servizo, por unha banda, os pediatras teñen que atender a un maior número de doentes infantís, e nalgúns casos nin sequera son especialistas, e por outra, os pais e nais véñse obrigados a facer grandes desprazamentos e con horarios difíciles para a conciliación o que incrementa os problemas neste eido..

Así, por exemplo, a pediatra que tiña a praza no centro de saúde de San Sadurniño onde atendía os luns e os venres, e o resto dos días pasaba consulta en Cerdido os martes, nas Somozas os mércores e en Moeche os xoves, e por un concurso de traslado obtivo a súa nova praza en Pontedeume.

Segundo a Xerencia de Xestión Integrada do Sergas en Ferrol para consultas infantís as familias deberán desprazarse ata San Sadurniño onde o Sergas cubrirá os luns, mércores e venres cun médico puericultor e os martes e xoves con dous facultativos procedentes do Fontenla Maristany que en ningún dos tres casos posúen a especialidade en Pediatría.



Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que vai facer o Goberno galego para solucionar a grave situación na que se atopa o servizo de pediatría nos concellos de Moeche, Cerdido, As Somozas e San Sadurniño?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/01/2019 12:55:16**

**Julio Torrado Quintela na data 16/01/2019 12:55:26**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2019 12:55:33**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Raúl Fernández Fernández**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os centros e programas educativos para a execución de medidas xudiciais, en aplicación da Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, Reguladora da Responsabilidade Penal dos Menores, poden ser dos seguintes tipos: centros e programas de medio aberto, centros de internamento ou centros de execución de medidas xudiciais en réxime terapéutico.

En Ourense, o centro de menores de Monteledo, que comparte complexo co de Montefiz e Montealegre, trátase dun centro de internamento, cuxo obxectivo é o de ofrecer un contexto educativo favorecedor da inserción social e familiar do menor, tendo entre os seus fins o desenvolvemento da súa autonomía a todos os niveis e a súa reinserción social. As medidas de internamento poden ser en réxime aberto, pechado ou semiabierto. Este centro ten 37 prazas de internamento, cuxa autorización para o inicio de actividade se contempla na *ORDE do 23 de setembro de 1999*, cuxas instalacións son de titularidade pública (dependente da Consellería de Política Social), aínda que a xestión é privada, adxudicada dende o ano 2016 á Fundación Diagrama, ao igual que o centro de menores de Montefiz, e ultimamente o de Montealegre.

Recentemente tivemos coñecemento de que non se están a cubrir nin os permisos (vacacións, permisos de maternidade e paternidade...), nin as baixas dos traballadores e traballadoras deste centro de menores, xerando situacións de estrés e sobrecarga de traballo no persoal, e carrexando graves deficiencias no funcionamento do mesmo, dándose situacións que non contribúen ao que debера de ser o fin último destes espazos, o de ofrecer un contexto educativo favorecedor da inserción social e familiar do menor.

Ademais este centro está recibindo tamén menores procedentes de Montefiz, que funciona como centro de execución de medidas xudiciais en réxime terapéutico, xuntando de maneira indiscriminada casuísticas que van dende os problemas de conduta, ao consumo de sustancias tóxicas, ou a presenza dalgún tipo de trastorno psíquico. Esta mestura indiscriminada nunha mesma contorna prexudica a todos



os usuarios e usuarias posto que non se está ofrecendo a atención adecuada ás necesidades de cada un deles.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da xestión que se está levando a cabo dende o ano 2016 no centro de menores de Monteledo, radicado en Ourense?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Raúl Fernández Fernández

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2019 10:26:32**

**Julio Torrado Quintela na data 16/01/2019 10:26:39**

**Raúl Fernández Fernández na data 16/01/2019 10:26:44**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A memoria do Consello Económico e Social (CES) do ano 2017, publicada recentemente, alerta de que a desigualdade, o emprego precario e os salarios baixos persisten en Galicia a pesar do crecemento económico. Sinala este organismo que mentres o PIB da comunidade superou xa o nivel anterior ao estalido da crise, os niveis de pobreza e a falta de equidade que se estenderon entre os galegos e galegas durante a recesión non rexistraron, afirma o CES, “a mellora esperable coa recuperación económica”.

Neste contexto, nos últimos anos foron numerosos os problemas aos que os e as solicitantes da renda de integración social de Galicia (Risga) tiveron que facer fronte, retrasos na concesión da axuda; problemas de coordinación entre administracións, mesmo entre as propias consellerías de Política Social e Traballo; dificultades burocráticas, motivadas en parte pola ausencia de directrices e instrucións claras sobre os requisitos e documentación necesarias para aprobar a concesión da axuda; así como conflitos no relativo á concesión de axudas a persoas que se viran obrigadas a compartir vivenda, mesmo en xaneiro do 2017 unha sentenza reconeceu que nun mesmo domicilio podían convivir varios perceptores da Risga, rexeitando a equiparación que a Xunta establecía entre domicilio e unidade familiar, o que prexudicaba a persoas que, sen relación familiar, vivían na mesma casa.

A pesares dos graves problemas xurdidos coa tramitación desta renda, a Xunta de Galicia non comezou ata decembro de 2017, cun retraso de 3 anos e medio ao respecto do establecido na Lei de inclusión social de Galicia, a tramitación do *Proxecto de decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social*.

O 3 de agosto publicábase no DOG o *ANUNCIO do 17 de xullo de 2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, polo que se acorda someter a información pública o Proxecto de decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á*



*tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social*, por un prazo de quince días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio.

Co obxectivo de furtar o debate e a participación, a Xunta de Galicia establece este prazo de información pública en plena época estival e por un período de tan so quince días do mes de agosto (péchase o día 27 deste mes).

Os novos perfís da pobreza que se estableceron durante a crise económica esixen solucións novas que a actual renda de inclusión social non é capaz de atender. En concreto, nos criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de sufrila, séguese sen considerar como criterio específico, ademais da situación de desemprego, a situación de emprego precario, cando a pobreza laboral é unha realidade cada vez máis asentada.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que este *Proxecto de decreto de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social*, establece solucións efectivas para os novos perfís da pobreza que se estableceron durante a crise económica?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2019 11:00:18**





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/01/2019 13:27:21  
**Nº Rexistro: 43724**  
Data envío: 16/01/2019 13:27:21.531

**Julio Torrado Quintela na data 16/01/2019 11:00:27**

**María Luisa Pierres López na data 16/01/2019 11:00:32**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: REXISTRO-I8GimmEI-I0  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A evidencia científica demostrou a importancia dos estilos de vida na saúde da poboación e confirmou que o contexto social onde desenvolven a súa vida desempeña un papel fundamental na etiología e evolución de calquera enfermidade, entendendo como determinantes sociais da saúde as circunstancias en que as persoas nacen, desenvólvense, envellecen e morren, así como os sistemas establecidos para combater a enfermidade, o que a súa vez depende dun marco máis amplo de políticas económicas e sociais.

De feito, cando un sistema sanitario pon a énfase na asistencia clínica, deixando de lado a atención social, os problemas de saúde non se resollen completamente e córrese o risco de que os recursos sanitarios se utilicen de xeito inadecuado.

Nos últimos anos, todas as comunidades autónomas estruturan a organización e funcionamento do Traballo Social Sanitario en Atención Primaria de Saúde e no sistema de saúde, recollendo que o Traballo Social indaga nos factores sociais ou determinantes que inflúen na saúde das persoas, grupos e comunidades.

O traballo social en saúde pódense definir como unha técnica de intervención dentro do campo da saúde e o ámbito social, que promove o desenvolvemento das habilidades das persoas e actúa sobre a contorna para incidir nos factores que se relacionan con estilos de vida como profesionais inmersos no sistema sanitario. Os e as que participan desta tarefa (asistencial e preventiva), ocúpanse dos aspectos psicosociais do individuo, a través do estudo, diagnóstico e tratamento dos factores sociais que concorren no mantemento da saúde e na aparición da enfermidade das persoas, os grupos e as comunidades, colaborando en potenciar o carácter social da medicina. No plano individual e familiar achegan alternativas ou solucións ás dificultades/problemas sociais que sofren coa aparición e o desenvolvemento da enfermidade, co obxectivo de evitar os desaxustes sociofamiliares que se producen como consecuencia da perda de saúde, establecendo un sistema de participación dos pacientes e/ou familiares na atención individual e a toma de decisións terapéuticas.



A pesar de que no ámbito sanitario, os e as traballadoras sociais forman parte do sistema sanitario e son o punto de unión entre o sistema sanitario e o sistema de servizos sociais, non se lles deu a relevancia que merecen, tendo en conta o déficit de persoal na sanidade pública galega destes profesionais, tanto en a Atención Primaria como na Atención Especializada.

Os e as traballadoras sociais son profesionais idóneos para saber en cada caso e en cada situación cales son os elementos que deben poñerse en xogo para devolver ao individuo ou á comunidade a situacións máis normalizadas, ademais de estar academicamente preparados para abordar, atender e poñer en marcha os mecanismos de resolución dos aspectos sociais que inciden no marco da saúde persoal, familiar, grupal e comunitaria.

Ademais en Galicia, onde no 60 % dos municipios a idade media supera os cincuenta anos (tres anos máis que España e case sete máis que na UE), o papel destes profesionais na atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores é prioritario, para garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto.

O Servizo Galego de Saúde carece do número suficiente destes profesionais para que poidan prestar os seus servizos en cada un dos Equipos Básicos de Saúde de Atención Primaria, debendo compartir distintas áreas e formar parte de varias equipas, o que supón, entre outras accións, que non poidan levar a cabo os estudos necesarios dos factores de risco e protección relacionados coa saúde dos individuos e as familias, nin planificar intervencións, así como non poder avaliar e manter programas integrais de intervención en saúde comunitaria.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que son suficientes, para garantir unha atención social de calidade no ámbito sanitario, o número de traballadores e traballadoras sociais que prestan na actualidade os seus servizos no Servizo Galego de Saúde?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2019 10:03:21**

**Julio Torrado Quintela na data 16/01/2019 10:03:29**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A concepción da Atención Primaria como porta de entrada do Sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis próxima.

Unha Atención Primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o Sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao Goberno de Núñez Feijoo en 2009 o Sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a, aproximadamente, un 15 % facultativos de Atención Primaria dos que se producen en Galicia, segundo os datos do propio Goberno. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados. Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servizos, afastando a atención dos e das cidadáns. A vontade recortadora do Goberno da Xunta de Galicia prexudica claramente a calidade asistencial do sistema, ao deixar con capacidade mínima, ou por debaixo dela, a moitos centros que non teñen persoal suficiente, que deben de deixar centros sen



atención porque os profesionais teñen que saír a cubrir urxencias ou pola saturación dos existentes a causa dunha errática planificación.

Nestes últimos anos o Goberno galego está a reducir de persoal nos centros de atención Primaria na nosa comunidade autónoma, sobre todo nos concellos do rural, a través da non substitución de baixas por enfermidade, ou a amortización de prazas.

Na provincia de Ourense son moitos os exemplos desta vontade recortadora en materia sanitaria do Goberno galego, ao que segundo as informacións que dende o Grupo Parlamentario Socialista coñecemos recentemente, teremos que engadir un novo no centro de saúde de Rubiá. Neste centro traballaban ata o de agora dous médicos, trala xubilación dun deles no mes de agosto, a Xunta de Galicia decidiu que a partires dese momento soamente preste este servizo unha persoa, amortizando a outra praza, o que xerará unha perda de calidade no servizo provocada por unha sobrecarga de traballo, e merma na atención aos pacientes polo xustificadísimo número de citas, extracción para analíticas, urxencias en horario de mañá, e atención domiciliaria nun concello cunha elevada dispersión da poboación que segundo datos do IGE do ano 2017 contaba con 1.462 habitantes, o 41 % dos cales teñen máis de 65 anos.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que é suficiente para cubrir a demanda existente, que o centro de saúde de Rubiá (Ourense) conte a partir de agora soamente cun médico?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Raúl Fernández Fernández

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2019 10:08:23**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





**Raúl Fernández Fernández na data 16/01/2019 10:08:28**

**Julio Torrado Quintela na data 16/01/2019 10:08:32**



## Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O colexio de San Vicenzo de Vimianzo precisa dunha pasarela que permita ao alumnado nos días de choiva acceder ás instalacións sen mollarse. Actualmente, isto non é posible, xa que o patio existente non comunica coa entrada principal. Hai que dicir, ademais, que neste patio cuberto, nos días de vento e choiva, a auga entra cubrindo unha boa parte da superficie. O motivo é que a instalación actual resulta demasiado pequena, está desprotexida e carece da dita pasarela de acceso, o que a fai inútil para os pequenos nos días de mal tempo.

Aínda que recentemente, na primavera de 2018, a Consellería de Educación fixo un investimento no colexio de Vimianzo, non se tiveron en conta estas deficiencias, e unicamente se fixo un parche que non resolveu o problema. Son precisas, polo tanto, obras complementarias, que se leven a cabo de xeito inmediato para solucionar un grave problema. Solucións que se veñen demandando desde hai tempo pola representación dos pais e nais de alumnos e alumnas do centro, solicitando unha pasarela e unha cuberta que evite que o alumnado se molle nos días de choiva.

Por as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai levar a cabo o Goberno galego a obra necesaria para evitar a exposición continuada do alumnado a estas inclemencias meteorolóxicas no colexio San Vicenzo de Vimianzo?

Pazo do Parlamento, 14 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**María Dolores Toja Suárez na data 14/01/2019 13:26:48**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/01/2019 13:27:00**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 14/01/2019 13:27:06**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Paula Quinteiro Araujo**, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia nin soubo prever e evitar os lumes do 2017 nin está sabendo agora corrixir os danos tremendos que causaron.

O ano pasado arderon 47.000 hectáreas (2,5 millóns de m<sup>3</sup> de madeira) e moitos bens públicos e privados foron reducidos a cinzas. Foi o resultado, triste, pero previsible, do desleixo do Goberno cara a ordenación do monte e o seu coidado.

As Neves é un claro exemplo de que o Goberno non está facendo o que lle corresponde para reparar os danos causados polo lume. No 2017 arderon 4.000 hectáreas do seu territorio e no 2016, 1.400 hectáreas, o que sumado constitúe o 90% do municipio. A gravidade da súa situación é, polo tanto, obvia. E nin sequera así a Xunta de Galicia lle prestou ao concello a axuda que obviamente necesita.

As axudas que o Goberno autonómico estableceu para paliar os danos ocasionados polo lume ou ben non chegan aos municipios ou ben son insuficientes.



- Feijóo comprometérase a pagar o 50% dos gastos públicos causados polos incendios. Nas Neves, onde os danos aos edificios públicos chegan ata o millón de euros, isto non se cumpriu.
- A Xunta decidiu pagar o 100% da reparación dos danos que sufriron as primeiras vivendas, pero só o 40% da reconstrución das segundas vivendas. Isto está levando a que moitas persoas prefiran renunciar ás axudas e non volver a construír as casas calcinadas, co conseguinte risco para os veciños e veciñas, xa que ter casas medio derruídas no medio do pobo pode producir accidentes.
- Moitas construcións menores, como os alpendres, corren tamén o risco de non ser arranxadas. En Carballeda de Avia, por exemplo, arderon 30 hórreos que poden quedar sen reparar porque a Xunta decretou que para ser subvencionados tiñan que estar na mesma parcela da vivenda.

As dificultades que está poñendo a Xunta de Galicia á reconstrución dos pobos que padeceron a peor parte dos lumes son unha mostra máis do pouco que lle importa ao actual Goberno o despoboamento do rural. Se queremos asentar á poboación no territorio é preciso, e urxente, que atendamos ás súas necesidades nos momentos de maior dificultade.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia da xestión das axudas que non se executaron para restauración despois da vaga de lumes?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.





Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Paula Quinteiro Araújo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 16/01/2019 12:01:00**

**Antón Sánchez García na data 16/01/2019 12:01:14**

**Paula Quinteiro Araújo na data 16/01/2019 12:01:21**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez e Antón Sanchez García**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, sobre as obras que a Consellería executou no monte de titularidade pública do Concello de Manzaneda e que acabou afectando á rede de abastecemento das parroquias de San Martiño.

O Concello de Manzaneda posúe montes de titularidade pública dentro do seu termo municipal, montes que están conveniados ca Consellería de Medio Rural que é a que xestiona o seu uso.

En datas recentes, a Consellería de Medio Rural realizou labores de restauración dos cortalumes, non facendo o remate labores de contención para que non sucederan os arrastres que provocaron que 7 tanques de abastecemento e km de rede quedaran atuídos de terra, afectando a 8 vilas, entre elas a cabeceira do concello.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Ten pensado a Xunta de Galicia facer un plan de recuperación dos tanques de abastecemento das parroquias afectadas, así como labores de contención nos cortalumes para que non se repita este desastre?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.





Asdo.: David Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 16/01/2019 12:11:24**

**Antón Sánchez García na data 16/01/2019 12:11:35**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estevez, Antón Sánchez García e Luís Villares Naveira**, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a implantación de plans de autoprotección de núcleos rurais en Galicia.

O ano pasado, durante a fin de semana da vaga de lumes que asolou Galicia entre o 14 e o 16 de outubro, a Xunta confirmou que un total de 17 focos dos máis de cen incendios activos na Comunidade Autónoma atopábanse en “Situación 2”, o segundo nivel de emerxencia máis alto, é dicir, que ameazaban núcleos de poboación.

Os bombeiros que acudiron a desaloxar á veciñanza da zona de Chandebrito tras confirmarse unha situación de alerta de nivel 2 atopáronse con dúas persoas falecidas no interior dunha furgoneta, na que se desprazaban cando quedou cercada polo lume nunha zona arborada.

Segundo o Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA), a “Situación 2” defínese como unha situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa previsible evolución, poden afectar gravemente á poboación e aos bens de natureza non forestal, e que esixa a adopción inmediata de protección e socorro. Pode ser necesario que, á solicitude do órgano competente da Comunidade Autónoma, sexan incorporados medios extraordinarios ou que poden comportar situacións que deriven cara ao interese nacional.





O Plan activarase en Situación 2 cando a cualificación veña motivada pola afección á poboación e aos bens de natureza non forestal (vías principais de comunicación e redes principais de subministración) e sexa necesario adoptar medidas de protección dirixidas á poboación, tales como evacuación e/ou albergue.

A problemática dos núcleos rurais de poboación, situados en zonas forestais, caracterízase por unha dobre perigosidade: por unha banda polo risco de xerar incendios forestais e pola outra banda o perigo de ser afectados por eles. Este carácter bidireccional existente entre o monte e as persoas viuse incrementado nas últimas décadas debido ao abandono progresivo das terras de cultivo que habitualmente se situaban na periferia destes núcleos de poboación, impedindo o contacto directo entre as vivendas e o monte. Ao desaparecer en moitas zonas a actividade agrícola, a discontinuidade monte-casas descendeu, polo que hoxe en día existe un contacto directo entre o monte e as vivendas ao longo do noso territorio.

Debido a isto, hai que ter presente que estas zonas habitadas incrementan o risco de orixinar un incendio forestal, a causa das diferentes actividades que nelas se realizan, polo que as persoas que viven nestas zonas, non so deben aumentar a precaución para non xerar ningún incendio, senón que tamén deben ser conscientes de que o lume pode chegar ata os seus fogares dende o exterior, supondo un elevado risco para as familias, as vivendas e os bens.

De aquí despréndese a importancia do concepto de Autoprotección, posto que as propias zonas habitadas teñen unha tarefa prioritaria e fundamental no ámbito da defensa contra incendios forestais.





As principais bazas para conseguir a autoprotección son un mantemento axeitado da vexetación que cree espazos defensivos adecuados ao entorno, unha boa rede de hidrantes, liñas de defensa húmidas e unha correcta sinalización da rede viaria.

A autoprotección debe implicar de forma conxunta tanto ás diferentes institucións e organismos públicos como á veciñanza de cada zona na defensa dos terreos forestais, vivendas e vidas humanas.

Cómpre prestar unha especial atención á formación e á concienciación da poboación en xeral, con mensaxes preventivos e pautas de actuación en diferentes situacións, realizando sesións informativas sobre medidas de autoprotección, colocando planos con itinerarios de evacuación ou confinamento en caso de incendio ou emerxencia, etc.

Tamén é de especial importancia a realización de simulacros de confinamento e evacuación dos núcleos poboacionais no rural ante incendios forestais, para fomentar na poboación hábitos de resposta que axuden a mitigar os riscos xerados polos lumes, ademais de motivar á veciñanza para que leven a cabo esas accións de resposta con organización e coordinación, de maneira que se transformen en actores conscientes da súa propia seguridade. Os simulacros de evacuación serven tamén para probar o funcionamento e coordinación dos diferentes dispositivos implicados no operativo, co fin de estar preparados para actuar en caso de incidencia real.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:







- Ten previsto a Xunta implementar un Plan de autoprotección para os concellos rurais de Galicia, no que se estuden e teñan en conta, ademais das especificidades de cada concello, a xerarquía de itinerarios de emerxencia, áreas de confinamento planificado, fases da evacuación, orde e destino dos evacuados, planificación do confinamento, etc.?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 16/01/2019 11:53:29**

**Antón Sánchez García na data 16/01/2019 11:53:38**

**Luis Villares Naveira na data 16/01/2019 11:53:45**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Paula Quinteiro Araujo**, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a perda de produción da castaña na campaña de 2018.

A produción de castañas en Galiza, a día de hoxe, non está garantida despois da nefasta campaña que minguou preto dun 50%. Esta redución foi produto das inclemencias meteorolóxicas e da vespa do castiñeiro, algo que dende En Marea tiñamos máis que avisado dende fai meses en canto a Consellería de Medio Rural mirou para outro lado.

Advertimos no seu momento que non se estaba a facer o suficiente na loita contra o *Dryocosmus kuriphilus*, e así se viu cando fai uns meses se aprobou nesta Comisión unha PNL idéntica a que En Marea trouxo facía meses onde se instaba o Ministerio á solta masiva de *Torymus Sinensis* para facerlle fronte a praga.

Tamén puxemos en dúbida dende o primeiro momento a liña de axudas que a Xunta de Galicia estaba a sacar para paliar os danos polas inclemencias meteorolóxicas. Liña de axudas que fuxiron da realidade que estamos a padecer produtoras e produtores, así como gandeiras/os ou labregas/os.

A día de hoxe temos constancia de que solicitaron estas axudas sobre un 1'5% das explotacións totais da Galiza.





Tamén temos que ter en conta, de que a castaña complementa as economías familiares, polo que non estamos a falar solo de comercializadores e empresas transformadoras, polo que a Xunta de Galiza tiña que ter xa unha liña de axudas que chegaran a tódolos niveis na escala da produción e venda.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Debido á situación de excepcionalidade na que se atopan os/as produtores/as, transformadores/as e comercializadores/as de castaña, ten pensado a Xunta de Galiza sacar algunha liña de axudas para paliar as enormes perdas sufridas na última campaña?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Paula Quinteiro Araújo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**





**David Rodríguez Estévez na data 16/01/2019 11:34:17**

**Antón Sánchez García na data 16/01/2019 11:34:25**

**Paula Quinteiro Araújo na data 16/01/2019 11:34:34**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Concello de Allariz, situado en Ourense, ten unha das porcentaxes máis altas da provincia de Ourense de poboación menor de vinte anos, así como un alto número de nacementos, 38 no ano 2015, de maneira contraria á tendencia da maioría dos concellos de menos de 10 000 habitantes da provincia que sofren un grave problema demográfico.

A pesares desta situación, dende o Grupo Socialista coñecemos, a través dos pais e nais afectados, a resolución da Consellaría de Educación pola que se acorda reducir a dúas as liñas de escolarización previstas para o vindeiro curso 2018-2019 no CEIP Padre Feijoo de Allariz no segundo ciclo de educación infantil.

Esta decisión incumpre o establecido *no artigo 4 a) da Orde do 12 de marzo de 2013 que desenvolve o Decreto 254/2012, de 13 de decembro*, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na *Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación*), no segundo ciclo de educación infantil e primaria o número de alumnos e alumnas que determinarán a unidade escolar é de 25.

A día de hoxe constan matriculados e matriculadas 51 alumnas e alumnos e, polo tanto, excédese o baremo legalmente establecido na orde (sen contarmos aínda coas posibles matriculacións que se poidan producir en setembro e o longo do curso).

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia incumpre a ratio de alumnado en educación infantil no CEIP Padre Feijoo de Allariz (Ourense)?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/01/2019 13:44:45  
**Nº Rexistro: 43751**  
Data envío: 16/01/2019 13:44:45.118

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2019 13:43:44**

**Raúl Fernández Fernández na data 16/01/2019 13:43:51**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/01/2019 13:43:55**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 16/01/2019 13:44:00**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: REXISTRO-URQdNOxaA-8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estevez, Antón Sanchez García e Luís Villares Naveira**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre a exclusión do persoal do SPDCIF dos cursos que oferta a AGASP.

A Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) ofertou no ano 2018 diversas accións formativas:

O curso “Operacións de Extinción de Incendios Forestais” (detalles do curso: <https://agasp.xunta.gal/es/detalleCurso/182274>), cos obxectivos, segundo consta na web de preparar a intervención en incendios forestais, verificando o estado e operatividade dos medios materiais necesarios para o seu control e extinción e aplicar correctamente os protocolos de comunicación no seo dun operativo coordinado de intervención, organizar o traslado por terra do equipo a distintas localizacións de incendios forestais, situando os vehículos con seguridade e precisión e definindo as tarefas do equipo durante a intervención, segundo o plan de ataque definido, preparar o helitransporte ao lugar do incendio e traballo con medios aéreos, supervisando as manobras de embarque e desembarque dos recursos humanos e materiais e a aplicación dos protocolos de coordinación e comunicación no desenvolvemento da intervención cos devanditos medios e realizar a intervención operativa in situ en incendios forestais, coordinando a actuación do equipo de intervención e aplicando as técnicas de extinción definidas e valorando as necesidades derivadas da evolución do incendio.

O curso “Actuacións en sucesos por fenómenos naturais: vendavais, inundacións e riadas...”, (detalles do curso: <https://agasp.xunta.gal/es/detalleCurso/182275>)





cos obxectivos, segundo consta na web de realizar a preparación, posta en funcionamento e mantemento básico dos equipos e ferramentas empregados nas intervencións por fenómenos naturais, comprobar o seu correcto funcionamento e operatividade, segundo normas de seguridade, executar tarefas técnicas de apoio á poboación en situacións de risco para as persoas, os bens ou o medio, derivadas de tormentas torrenciais, avenidas ou outras derivadas do ámbito acuático descontrolado, cos medios ao seu alcance e os apoios externos apropiados, verificando o cumprimento das normas de seguridade aplicadas sobre persoas afectadas e intervintes e intervir operativamente en estruturas colapsadas, parcialmente colapsadas ou con elementos en risco de caída, así como en afundimentos do terreo, avaliar os danos producidos e os riscos potenciais no transcurso da intervención, definindo os protocolos de intervención e seguridade e aplicar as técnicas de intervención con precisión.

O curso “Interface urbano Forestal” (detalles do curso:

<https://agasp.xunta.gal/es/detalleCurso/182278>) cos contidos, segundo consta na web, relativos a nocións de comportamento do lume segundo Camphell, normas de seguridade e protocolo OCELA, comunicacións e posto de mando, prácticas de medio de extinción e liñas de defensa, prácticas de motobombas e de mantemento, rozadora e motoserras.

O curso “Achiques, rescate en ascensores e maquinarias, accesos, persoas con enfermidade mental e suicidas, rescate de animais e corte de subministracións” (detalles do curso: <https://agasp.xunta.gal/es/detalleCurso/182277>), cos obxectivos, segundo consta na web, de aplicar técnicas axeitadas para efectuar as operacións no menor tempo posible e coas maiores garantías de seguridade, realizar o rescate de persoas atrapadas en ascensores, elevadores e maquinarias pesadas, identificando as tipoloxías, as técnicas e os procedementos eficientes e eficaces para a evacuación das persoas afectadas ou vítimas do suceso e intervir operativamente para a evacuación en emerxencia en instalacións de enerxía en







edificios, vía pública ou ámbito interurbano, solicitando información sobre as características e medidas de seguridade da instalación, aplicando as técnicas e procedementos con seguridade e verificando a rehabilitación das condicións normais de funcionamento da instalación.

O curso “Rescates en medios de transporte e en medios acuáticos” (detalles do curso: <https://agasp.xunta.gal/es/detalleCurso/182273>) cos obxectivos, segundo consta na web, de efectuar operacións de rescate en accidentes de tráfico e outros medios de transporte, aplicando as técnicas e os procedementos de traballo adecuados para liberar ás persoas atrapadas en vehículos, evitando riscos para as vítimas e os intervinentes e realizar operacións de salvamento de persoas e rescate de obxectos para prevención de riscos no medio acuático, aplicando métodos de busca e técnicas de reflote e rescate.

O curso “Apeos, apuntalamentos e saneamentos” (detalles do curso: <https://agasp.xunta.gal/es/detalleCurso/182276>), cos obxectivos, segundo consta na web, de establecer a dotación humana e os medios técnicos necesarios para efectuar os distintos tipos de apuntalamentos, reforzo de emerxencias en edificacións, executar as operacións de apuntalamiento e reforzos de emerxencia, utilizando os elementos, útiles e ferramentas axeitados para cada caso, establecer a dotación humana e os medios técnicos necesarios para executar operacións de emerxencia ante lesións e colapsos na edificación: saneamento, limpeza, demolición, de elementos danados, desentullo e esteamento en edificios colapsados, executar as operacións de emerxencia ante lesións e colapsos na edificación, utilizando os elementos, útiles e ferramentas axeitadas para cada caso.

O curso “Operacións de salvamento en altura e en espazos confinados”, (detalles do curso: <https://agasp.xunta.gal/es/detalleCurso/182272>. Máis información: DOG 176 de 14 de setembro de 2018), cos obxectivos, segundo consta na web de realizar operacións de rescate e salvamento en altura, utilizando os materiais, as





técnicas e as medidas de autoprotección adecuadas para salvar vidas, en diferentes tipos de sucesos e realizar operacións de rescate de persoas atrapadas en espazos confinados, aplicando as técnicas e procedementos, segundo zona de intervención e verificando as condicións de seguridade das persoas afectadas e intervenientes.

Nas citadas accións formativas, contémpanse como destinatarios específicos Bombeiros dos Parques Municipais, Bombeiros dos Parques de Consorcios, Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) e servizos municipais de Protección Civil e Emerxencias.

Os bombeiros do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (SPDCIF), non se inclúen entre os destinatarios específicos destes cursos, o que amosa novamente o desprezo que a Xunta de Galicia mantén cara o persoal deste servizo en canto á formación se refire, excluíndoos, por razóns xa non só inexplicables e inxustas senón mesmo ilegais.

Aos bombeiros forestais do SPDCIF, pertencentes á familia profesional de Seguridade e Medio Ambiente, correspóndenlles as seguintes unidades de competencia: Executar labores de vixilancia e detección de incendios forestais, mantemento de infraestruturas e informar á poboación, executar operacións de extinción de incendios forestais, apoiar en continxencias no medio natural e rural e asistir como primeiro intervinente no caso de accidente nas emerxencias.

Toda esta familia profesional ten unha competencia xeral que é a de realizar labores de prevención, detección e extinción de incendios forestais, informar á poboación sobre os mesmos e apoiar continxencias no medio natural e rural.

Alén da familia profesional, estas competencias dos bombeiros forestais do SPDCIF, como servizo de emerxencias, recóllense tanto no V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia (vixente actualmente), onde se reflicten no acordo de condicións especiais do SPDCIF, indicando que





terá consideración de servizo preventivo, ademais de emerxencias, como na Lei de Protección Civil do estado (Lei 17/2015 do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil), onde indica que terán a consideración de servizos públicos de intervención e asistencia en emerxencias de protección civil os Servizos Técnicos de Protección Civil e Emerxencias de tódalas Administracións Públicas, os Servizos de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento, e de Prevención e Extinción de Incendios Forestais, as Forzas e Corpos de Seguridade, os Servizos de Atención Sanitaria de Emerxencia, as Forzas Armadas e, especificamente, a Unidade Militar de Emerxencias, os órganos competentes de coordinación de emerxencias das Comunidades Autónomas, os Técnicos Forestais e os Axentes Ambientais, os Servizos de Rescate, os equipos multidisciplinares de identificación de vítimas, as persoas de contacto coas vítimas e os seus familiares, e todos aqueles que dependendo das Administracións Públicas teñan este fin.

Nesa mesma normativa establececese que os poderes públicos promoverán a formación e o desenvolvemento da competencia técnica do persoal do Sistema Nacional de Protección Civil, entre o que se inclúe ao SPDCIF.

A formación do persoal do SPDCIF inclúese tamén no PLADIGA, e recentemente, na Recomendación nº 94 do Ditame da Comisión de Estudo sobre os incendios forestais, aprobada en sede parlamentaria, na cal se recolle a realización dun plan de formación ordenado e acorde.

É dunha gran importancia a formación continua e a reciclaxe profesional do persoal do SPDCIF, con especial atención á problemática das multiemerxencias e os novos tipos de incendios, pois con elo garántese unha mellor eficacia e seguridade, tanto para o propio persoal como para a cidadanía en xeral, tal e como recomenda a “Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá” no seu preámbulo.





Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- En que criterios se basea a exclusión dos bombeiros forestais do SPDCIF destas accións formativas?.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 16/01/2019 12:50:04**

**Antón Sánchez García na data 16/01/2019 12:50:17**

**Luis Villares Naveira na data 16/01/2019 12:50:29**



## Á Mesa do Parlamento

**Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

En decembro do 2017 a Consellería de Infraestruturas e Vivenda presentou públicamente o observatorio da Vivenda de Galicia (OVG), destinado a servir de apoio aos axentes públicos e privados que interveñen neste sector.

Un espazo de intercambio de información, propostas e comunicación do sector.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

-Que traballos desenvolve ou vai desenvolver o Observatorio da Vivenda de Galicia e de que maneira os resultados se poñerán á disposición dos cidadáns de Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2.019.

### **Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 16/01/2019 13:38:26**

**Martín Fernández Prado na data 16/01/2019 13:38:33**

**Jacobo Moreira Ferro na data 16/01/2019 13:38:48**

**Marta Novoa Iglesias na data 16/01/2019 13:39:00**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 16/01/2019 13:39:12**

**Gonzalo Trenor López na data 16/01/2019 13:39:26**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/01/2019 13:39:39**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



## Á MESA DO PARLAMENTO

**David Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á perda de produción no sector apícola na campaña 2018.

A colleita do mel afrontou no 2018 outro ano complicado. No 2017 o problema foron as xeadas que queimaron a floración e a seca que impediu que brotase nada. Nesta ocasión, a culpable da escaseza da colleita serán as precipitacións. A produción da mel soe realizarse entre febreiro e xuño, cando o tempo é máis seco e os termómetros superan os 12 graos. Porén, este ano non desfrutamos das condicións propicias, xa que padecemos temperaturas moi baixas, choivas e sarabia que afectaron moi negativamente á floración do breixo, do castaño, da silva e da uz. Segundo os cálculos realizados polo propio sector apícola, a produción de mel pode minguar ata un 50%.

Aos efectos nocivos da climatoloxía hai que sumar os prexuízos da avespá velutina. Malia que a abella produce a mel entre febreiro e xuño, época na que a velutina non ataca, nos meses de verán o insecto invasor acosa as abellas autóctonas, que saen ao exterior para colleitar nutrientes. Nese momento, moitas son devoradas, o que compromete a propia integridade da colmea e o relevo xeracional. Deste xeito, os ataques do verán afectan a produción de mel da seguinte campaña. Ante esta situación, cómpre evitar que os insectos abandonen as colmeas, pero para que iso sexa viable, os produtores e produtoras de mel teñen que aportarlles comida, acción que, necesariamente, encarece a actividade. Este gasto engadido pode supoñer ata 12 euros máis por colmea. Iso sen contar os custes en termos de desprazamento e tempo dedicado, pois a alimentación





manual ten que repetirse cada dúas semanas. Polo momento, estes contratemplos non están afectando aos prezos de venda ao público da mel, pero iso podería mudar no futuro inmediato por razóns obvias de rendibilidade.

Por suposto, non podemos esquecer tampouco o impacto nefasto que teñen os lumes na produción de mel. Os incendios de outubro minguaron, como non podería ser doutro xeito, a produción, non só polas colmeas que foron consumidas polas lapas, senón tamén polas dificultades inmensas que tiveron que sortear aquelas que se salvaron da queima. Nos terreos calcinados, as colmeas teñen moi poucas posibilidades de sobrevivir pola falta de matogueira e árbores en floración. Farán falla aínda varios anos para recuperar a produción de mel nos territorios que foron vítimas do lume.

Así, é claro que o sector apícola pasa por momentos moi complicados e que precisa do respaldo das institucións para poder encaralos con éxito.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para paliar a produción minguante de mel por mor da climatoloxía?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García





Deputados do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 16/01/2019 13:02:29**

**Antón Sánchez García na data 16/01/2019 13:02:37**







## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez e Antón Sanchez García**, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á mortalidade de polos no verán de 2018 por mor da vaga de calor.

A vaga de calor de comezos de agosto de 2018 deixou tras de si medio millón de polos mortos, aproximadamente o 5% do total das aves que se crían nas 800 explotacións galegas. As provincias máis afectadas foron Ourense e Pontevedra. Nalgunhas granxas destas provincias morreron ata o 20% dos animais. Tendo en conta que unha instalación avícola media conta cunhas 18.000 aves, algúns criadores puideron perder preto de 4.000 polos, co conseguinte impacto económico.

No ano 2017 o volume comercial do sector galego do polo sumou 196.000 toneladas. Isto supuxo unha facturación total de 400 millóns de euros. En termos de emprego, os 13 millóns de polos que se crían na comunidade dan traballo a 5.000 persoas. Falamos, polo tanto, dunha industria moi importante no marco do campo galego.

Manter unha explotación esixe unha inversión constante de capital, xa que non se trata só de abastecer de penso aos animais, senón que tamén hai que quentalos en inverno e refrescalos en verán para garantir o seu bo estado de saúde. Trátase dun asunto delicado e de moita importancia porque a temperatura corporal dun polo é xa de 40 grados e non conta cun “sistema de refrixeración” como o dos seres humanos (que combatemos o calos suando). Os polos so liberan calor a través da boca.





Así, as mortes dos animais supón un duro revés económico para as familias de criadores. Só na provincia de Ourense, a vaga de calor supuxo unhas perdas estimadas de máis de 150.000 millóns de euros.

Co obxecto de evitar este tipo de acontecementos, o Real Decreto 692/2010 establece as normas mínimas para a protección dos polos destinados á produción de carne. Esta norma é aplicable a tódalas granxas de produción de máis de 500 polos e fixa uns requisitos xerais para tódalas explotacións e uns requisitos adicionais dependendo da densidade da cría.

A norma establece, así mesmo, as condicións que deben reunir as explotacións (edificios, ventilación, iluminación, ruído), como deben criarse os animais (alimentación, limpeza, rexistros) e todo o relativo ao persoal ao coidado dos animais.

A responsabilidade da morte de medio millón de polos non é dos granxeiros – ningún criador ou criadora quere que os seus animais morran asfixiados –, é da consellería de Medio Rural que non se preocupou por facer cumprir o Real Decreto 692/2010. Se o tivera feito, a vaga de calor non tería tido as consecuencias funestas que agora lamentamos. O problema é estrutural e precisa solucións políticas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:





- Que está facendo a Consellería de Medio Rural para garantir que se cumpra o Real Decreto 692/2010?

-

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 16/01/2019 13:13:10**

**Antón Sánchez García na data 16/01/2019 13:13:18**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas que debe tomar o Goberno galego diante da grave situación da sanidade pública galega.

Un dos temas que máis alarma social está provocando na sociedade galega é o gravísimo deterioro da sanidade pública.

Un deterioro que é o resultado dos graves recortes e privatizacións que o Partido Popular leva realizado desde 2009, que están poñendo en risco a saúde e a vida das persoas.

A política sanitaria de Núñez Feixóo á fronte da Xunta de Galiza ao longo destes anos está poñendo contra as cordas a sanidade pública e ten un fin moi claro: converter o dereito á saúde nun negocio para grupos afíns. Favorecer que uns poucos fagan negocio a costa da enfermidade.

Fronte ao desastre que está provocando non vale nin a propaganda nin a manipulación. O deterioro é tan evidente que existe unha onda de malestar social polo deterioro da sanidade que cada día vai a máis:

Miles de persoas nas rúas protestando contra os recortes, os traballadores e traballadoras dos PAC's levan un ano en pé de guerra denunciando a falta de medios, recursos e a precariedade que fai que se estea debilitando a atención que se lle presta ás





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

persoas que necesitan con urxencia ser atendidos por un médico. A semana pasada iniciaron folga indefinida. No 061, no transporte sanitario urxente, hai grande precariedade e unha ameaza de non seguir prestando o Servizo a partir de marzo. Dimisión masiva de xerentes de atención primaria na EOXI de Vigo por non estar dispost@s a seguir xestionando a situación de “miseria” que teñen en Atención Primaria. Nas urxencias do CHUS levan anos denuncia a falta de medios que provoca unha saturación constante das urxencias e levan dez semanas de folga reclamando os medios necesarios para evitar os amoreamentos de persoas nos corredores e a falta de medios humanos e técnicos.

Hai unanimidade entre sindicatos, colexios profesionais, plataformas sanitarias, organizacións profesionais, doentes... en denunciar o grave deterioro que están provocando as políticas sanitarias do Partido Popular e en que non estamos na fase de grupos de traballo, nin de enquisas virtuais, nin de auditorías. Estamos na fase de asumir responsabilidades e rectificar os recortes e as privatizacións.

Estamos nun momento crítico, onde a Xunta ten que dar explicacións e asumir as súas responsabilidades, ante uns feitos de máxima gravidade. Despois de ver como no mes de Agosto, falecía un doente no PAC da Estrada por falta de persoal sanitario para atendelo, 2019 empeza cunha denuncia en fiscalía para que investiga a morte de dúas persoas no servizo de urxencias do Chus sen recibir a atención debida. nuns servizos de urxencias saturados sen os medios necesarios que fai que as persoas non teñen a atención que precisan, situación pola que @s traballadores/as levan 10 semanas de folga demandando solucións.

Por todas estas razóns formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Diante da onda de malestar existente, tanto a nivel profesional como da veciñanza, vai rectificar a política sanitaria que leva efectivizando desde 2009 que está destruindo a sanidade pública d@s galeg@s e poñendo en risco o dereito á saúde?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019

**Asdo.: Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2019 13:54:26**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2019 13:54:30**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2019 13:54:31**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2019 13:54:33**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2019 13:54:34**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2019 13:54:36**



## Á Mesa do Parlamento

**Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trénor López, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Diego Calvo Pouso e Jacobo Moreira Ferro**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, vén promovendo a construción de solo industrial en Galicia para o desenvolvemento económico e para favorecer a creación de emprego.

Estes polígonos implántanse e deséñanse seguindo o Plan Sectorial de Solo Industrial de Galicia que determina o tipo e ubicación destes polígonos en función dos existentes, da dispoñibilidade de solo, das necesidades e demandas e da actividade económica das distintas zonas.

Unha das zonas de maior necesidade e demanda de solo industrial e a área metropolitana da Coruña, en especial, polo enorme crecemento dalgunhas empresas de implantación internacional e os seus provedores e a recente posta en funcionamento da dársena de Langosteira, o coñecido como Porto exterior da Coruña.

Estes e outros axentes, fan desta área un dos motores económicos de Galicia e unha das de maior actividade económica e exportadora de toda España.

Dada esta actividade económica o Plan sectorial de Solo Industrial de Galicia definiu en Arteixo o polígono industrial de Morás, que será, unha vez rematado, un dos maiores de Galicia, aínda que está previsto o seu desenvolvemento en diversas fases.

Unha vez pasados os peores anos da crise económica e cunha economía española e galega en recuperación e crecemento, volve demandarse solo industrial por parte das empresas e industrias ubicadas no contorno da Coruña e é por iso, que en 2017 a Xunta de Galicia reactivou as obras de urbanización do parque empresarial de Morás, en Arteixo, e anunciou a adxudicación dunha importante superficie a unha empresa interesada en instalarse no mesmo.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

-Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de Galicia de cara á posta en funcionamento do parque empresarial de Morás?





Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2.019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Fernández Prado na data 16/01/2019 13:57:01**

**Jaime Castiñeira Broz na data 16/01/2019 13:57:56**

**Marta Novoa Iglesias na data 16/01/2019 13:58:04**

**Gonzalo Trenor López na data 16/01/2019 13:58:17**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/01/2019 13:58:29**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 16/01/2019 13:58:50**

**Diego Calvo Pouso na data 16/01/2019 13:59:13**

**Jacobo Moreira Ferro na data 16/01/2019 13:59:25**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á Mesa do Parlamento

**Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A conselleira de Infraestruturas en vivenda na súa comparecencia no Pleno do día 7 de febreiro de 2017, facía mención ás distintas actuacións levadas a cabo pola Consellería así como aos novos programas que se ían poñer en marcha en materia de vivenda e rehabilitación.

Falaba a Conselleira de que as actuacións tiñan un dobre obxectivo no que viñan traballado dende había anos:

- Incrementar a calidade de vida dos galegos e das galegas.
- Contribuír ao progreso económico.

Dous eixes que guiaron a política da Consellería en anos pasados: unha política para as persoas e para o impulso da competitividade económica, que tamén centrarán o traballo futuro.

No eido da vivenda estase a poñer o foco, nos programas dirixidos a facilitar o acceso a unha vivenda ás persoas e ás familias con máis dificultades. Cuns programas como o Bono Social, o Programa Rehaluga, a rehabilitación do parque de vivendas públicas, etc. .

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

- Que balance fai a Xunta de Galicia dos programas postos en marcha e das axudas concedidas en materia de vivenda?

Santiago de Compostela, 16 xaneiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**Jaime Castiñeira Broz na data 16/01/2019 14:22:50**

**Martín Fernández Prado na data 16/01/2019 14:22:59**

**Jacobo Moreira Ferro na data 16/01/2019 14:23:12**

**Marta Novoa Iglesias na data 16/01/2019 14:23:27**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 16/01/2019 14:23:38**

**Gonzalo Trenor López na data 16/01/2019 14:23:58**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/01/2019 14:24:10**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez, Antón Sanchez García e Luís Villares Naveira**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**, sobre o uso da “Casa da Pedraqueira”, no lugar de Ribeira, Reis, no Concello de Teo, propiedade da Xunta de Galicia por parte dun particular.

A Asociación Profesional dos Axentes Forestais e Medioambientais de Galicia formulou unha queixa ante a Valedora do Pobo, por razón do uso de xeito irregular e consentido por parte das administración pública dun ben inmovible coñecido como a “Casa de Pontevea” ou “Casa da Pedraqueira”, no lugar de Ribeira, Reis, no Concello de Teo, da Xunta de Galicia por parte dun particular.

Na queixa faise constar como a vivenda, de superficie de 120 metros cadrados, de referencia catastral 002201700NH33F001MR, e cunha finca anexa denominada a Pedraqueira, teñen carácter demanial, e están adscritas organicamente á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e figuran no inventario de bens e dereitos da CCAA de Galicia co código C1534.

Esta vivenda usábase tradicionalmente como residencia para os axentes forestais que atendían os coutos e aproveitamentos de perca no río Ulla. Ata o ano 1997 estivo ocupada por un axente forestal que a deixou libre á data da súa xubilación. Posteriormente foi reformada e entregada a unha persoa que forma parte do cadro de persoal laboral da Xunta de Galicia, e que consta como encargado.

No ano 2016 solicitouse por escrito que se autorizase o uso como vivenda da casa mentres se prestasen servizos como axente facultativo medioambiental na





zona do ría Ulla, solicitude que se desestimou por resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio na data de 10 de xuño de 2016 e na que se sinala “*a idoneidade do inmovible para empregarse como centro de traballo do persoal que exerce as súas funcións na ZEC Sistema Fluvial Ulla-Deza e na actualidade non existe ningunha normativa no ámbito da conservación da natureza nin na lexislación laboral correspondente que faculte que unha edificación da administración poida ser ocupada por persoal traballador*”. Así conforme á Lei de Patrimonio da Xunta de Galicia non é posible outorgar unha autorización para empregar o inmovible como vivenda.

Fronte a esta resolución da secretaria xeral técnica presentouse recurso de reposición de data de 27 de xuño de 2016, no que se solicitaba que se este uso como vivenda non era compatible coa normativa vixente na materia que se desafiuzase a persoa ocupante e recuperar a edificación como centro de traballo segundo o informe da Dirección Xeral de Conservación ou ben se o uso é compatible co de vivenda que se procedese a por a disposición da axente facultativa medioambiental que solicitara o seu uso como tal e como se viñera facendo de xeito consuetudinario.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio dificulta a labor da Valedora do Pobo na tramitación e resolución desta queixa presentada por APRAFOGA.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:





Por que entorpece a Xunta de Galicia a investigación da Valedora do Pobo sobre o uso da Casa de Pontevea, no concello de Teo, dun ben público como vivenda particular en contra das súas propias resolucións que din que é incompatible ese uso por tratarse dun ben de titularidade demanial?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 16/01/2019 14:03:40**

**Antón Sánchez García na data 16/01/2019 14:03:49**

**Luis Villares Naveira na data 16/01/2019 14:03:56**



## Á Mesa do Parlamento

**Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia vén convocando nos últimos anos concursos de Solo Empresarial con bonificacións de entre o 30 % e o 50% do prezo de venda de parcelas nos distintos parques empresariais da súa propiedade, tanto propiedade de Xestur como do IGVS.

Por outra banda, ademais da compravenda das parcelas, a Xunta de Galicia, a través do IGVS e Xestur adxudican solo empresarial en dereito de superficie onde as empresas adxudicatarias pagan un canon anual moi reducido.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

-Que balance fai a Xunta de Galicia das medidas de bonificación do prezo de venda e da adxudicación en dereito de superficie no conxunto de Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

### Asinado dixitalmente por:

**Jaime Castiñeira Broz na data 16/01/2019 14:19:17**

**Martín Fernández Prado na data 16/01/2019 14:19:26**

**Jacobo Moreira Ferro na data 16/01/2019 14:19:40**

**Marta Novoa Iglesias na data 16/01/2019 14:19:53**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**María Julia Rodríguez Barreira na data 16/01/2019 14:20:10**

**Gonzalo Trenor López na data 16/01/2019 14:20:29**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/01/2019 14:20:38**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: REXISTRO-K353bvJwT-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

*A protección do patrimonio debe entenderse como unha consecuencia principal da función social do dereito de propiedade, segundo o establecido no artigo 33 da Constitución española, pero non pode ser entendida como un límite que a baleire do seu contido esencial. Tampouco esta protección pode ser un obstáculo inmotivado á libre iniciativa económica, recoñecida como liberdade de empresa no marco da economía de mercado no artigo 38 da Constitución española. Ó contrario, debe entenderse tamén como un elemento de dinamización económica e social e creadora de riqueza, prosperidade (...) Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.*

Con estas premisas parece acaído que a Administración se implique e impulse a rehabilitación do Patrimonio cunha administración áxil e eficaz, cunha visión tamén aberta e nova.

Entre outras cuestións, achegar a administración ao administrado, e velar pola eficiencia e adaptación aos tempos dos servizos públicos é unha das obrigas da Administración pública.

A evolución tecnolóxica facilita hoxe en día a implantación das tramitacións electrónicas, os rexistros e sinaturas dixitais, as secretarías virtuais, así como plataformas dixitais nas que facer pública a tramitación de expedientes, as licitacións, as convocatorias, etc. sendo ferramentas xa familiarizadas e presentes moitas delas en diversos organismos dependentes das administracións do estado, autonómicas ou municipais.

A mellora nas tramitacións que facilitan estas ferramentas é incuestionable, así como favorece a transparencia para a cidadanía e a trazabilidade no seguimento dos expedientes.

Sen embargo, detéctanse servizos específicos dependentes da Xunta de Galicia cun funcionamento deficiente, coma é o Servicio de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial de Pontevedra dependente da Consellería de Cultura,



Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, o cal informa sobre todos os proxectos que afectan a edificacións ou construcións de diversas tipoloxías con algún tipo de protección ou en contornos con algún tipo de protección en todo o ámbito da provincia de Pontevedra.

Un servizo que recibe entre 2.000 e 2.200 expedientes cada ano, moitos deles de gran complexidade e relacionados coa rehabilitación de edificios históricos, acumulándose e provocando retrasos de varios meses ou incluso anos nalgún caso na súa tramitación. Isto provocou que en xuño de 2017 a propia xefa, naquel momento, do Servizo de Coordinación da Área de Cultura en Pontevedra asegurase nun medio ser consciente da existencia dun problema, o que a levou a anunciar a incorporación “dunha ou dúas persoas”, ademais de recibir apoio desde Santiago para tramitar algúns dos expedientes máis complexos co obxectivo de “poñerse ao día”.

Desde ese anuncio a situación segue a adolecer de moitos problemas que teñen manifestado tanto promotores, particulares ou mesmo institucións como as entidades locais, así como os técnicos redactores de proxectos afectados por unha protección.

Problemas como:

1. Demora insostible na tramitación de expedientes.
2. Falta de trazabilidade, transparencia e acceso dos axentes implicados aos expedientes para coñecer o seu estado de tramitación.
3. Omisión do técnico/a asignado ó expediente así como discrecionalidade e falla de criterio único na emisión dos informes.
4. Emisión dun único informe, sen posibilidade de consulta previa nin de recurso no servizo provincial, o que leva a que ante unha disconformidade tan só cabe a remisión do asunto a Santiago a nivel autonómico, opción que se demostra totalmente ineficaz.

Esta ineficacia e carencias detectadas neste servizo provincial está a provocar graves consecuencias, provocando non só prexuízos económicos ós promotores, contratistas e técnicos que forman parte do proceso construtivo, senón a indefensión total e perda do Patrimonio, e pola demora insostible nos informes e



resolucións que provoca o desistimento de moitos promotores para continuar co expediente de rehabilitación ou recuperación dun inmovible protexido.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

É coñecedora a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do serio problema de demoras na emisión de informes nalgún dos servizos provinciais de Patrimonio Cultural dependentes desta consellería?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Patricia Vilán Lorenzo  
Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 16/01/2019 16:34:28**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2019 16:34:33**

**María de la Concepción Burgo López na data 16/01/2019 16:34:37**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/01/2019 16:34:42**



## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O 23 abril de 2013 a Xunta de Galicia, a través da Secretaria Xeral da Igualdade, e a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (Fegataxi), asinaban un convenio de colaboración para apoio ao traslado de mulleres vítimas da violencia de xénero aos centros da Rede Galega de Acollemento.

O convenio recolle que tanto as mulleres, como os seus fillos e fillas ou calquera outra persoa dependente delas serán trasladados gratuitamente en taxi entre o lugar no que se atopen e calquera dos seis centros de acollida galegos, cando as especiais circunstancias da vítima, valoradas convenientemente polos servizos sociais -municipais ou autonómicos-, imposibiliten o seu traslado por outros medios.

Igualdade comprométese a facilitar a Fegataxi o material informativo e de sensibilización e prol da eliminación da violencia de xénero que elabore, así como a poñer a súa disposición contidos formativos sobre violencia de xénero a incluír no seu programa de formación para permitir aos profesionais do taxi ampliar os seus coñecementos e coñecer pautas de actuación adecuadas cando realicen un traslado cunha muller vítima de violencia de xénero.

Tras cinco anos da súa posta en funcionamento parece interesante coñecer os resultados deste convenio, número de servizos realizados, a eficacia do protocolo que se está a seguir, así como o nivel de coñecemento, que de tal servizo teñen todos os CIM de Galicia ou servizos sociais municipais varios.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Tras cinco anos da súa posta en marcha, considera a Secretaría Xeral de Igualdade que é suficiente o grao de coñecemento por parte das administracións locais do servizo de traslado de vítimas de violencia a centros de acollida asinado no 2013 e renovado no 2016 coa Federación Galega de Taxistas?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López  
María Dolores Toja Suárez  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 16/01/2019 16:36:34**

**María Dolores Toja Suárez na data 16/01/2019 16:36:40**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/01/2019 16:36:45**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2019 16:36:51**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/01/2019 16:36:58**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/01/2019 16:37:03**



## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O propio Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, no seu preámbulo menciona o seguinte:

“A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que consagra os principios reitores de actuación que deben promover os poderes públicos galegos no ámbito da protección á familia, á infancia e á adolescencia, establece no artigo 36 que a Xunta de Galicia potenciará e desenvolverá unha rede de recursos axeitados para garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación para que estes poidan chegar aos sectores de poboación máis amplos posible, tanto a través das novas tecnoloxías como na modalidade de atención presencial.

En concreto, a través dos departamentos da Administración autonómica competentes en materia de familia e xustiza, constituirá servizos de apoio e atención ás familias a través das tecnoloxías da información e a comunicación e promoverá, reforzará e ampliará os servizos de orientación familiar, de mediación e os puntos de encontro familiar. “

O certo é que desde a súa posta en marcha, os Puntos de Encontro Familiar no territorio galego localízanse tan só nas sete principais cidades galegas. Foi a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a que garantiu a existencia destes puntos, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise, e que permite e garante a seguridade e o benestar das e dos menores e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

Un servizo que se ten convertido xa en imprescindible para a convivencia e seguridade das e dos menores, e que debería ser de proximidade, cunha maior implantación en todas as comarcas.



A miúdo, as rupturas de parellas que con carácter contencioso e o convenio regulador que contén o réxime de visitas determina a entrega dos menores en lugares distintos dos domicilios dos pais ou doutros parentes; é dicir, que se levan a cabo en Puntos de Encontro Familiar. Puntos que tamén reciben e atenden casos de violencia de xénero no que existen menores ou con situacións familiares problemáticas, máis alá das rupturas de parellas.

Existen localizacións no territorio de Galicia afastadas máis de 100 quilómetros do punto de encontro máis próximo, e para os que os usuarios e usuarias precisan empregar incluso máis de hora e media para achegarse ó mesmo, e polos seus propios medios, o que dista moito do concepto de servizo de proximidade e accesibilidade que debería garantirse.

Son ademais diversas as problemáticas que se teñen detectado nos Puntos de Encontro Familiar, especialmente no tempo de acceso a algúns deles, como o de Pontevedra, onde se ten manifestado en diversos medios as listas de agarda que evidencian a insuficiencia do servizo, e a pertinencia de non só ampliar os medios do mesmo, senón a seren complementados coa creación de novos Puntos de Encontro noutras áreas xeográficas próximas.

Apelando a ese espírito da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, de potenciar e desenvolver esa rede de recursos axeitados para garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación para que estes poidan chegar aos sectores de poboación máis amplos posible, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten formulado este Goberno no ano 2009 e conforme á Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, favorecer o acceso de máis galegos e galegas ós Puntos de Encontro Familiar ampliando o seu número máis alá dos xa existentes nas sete principais cidades galegas?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López  
María Dolores Toja Suárez  
Noela Blanco Rodríguez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo



Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 16/01/2019 16:38:00**

**María Dolores Toja Suárez na data 16/01/2019 16:38:05**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2019 16:38:11**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2019 16:38:15**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/01/2019 16:38:22**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/01/2019 16:38:29**





## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López e Patricia Vilán Lorenzo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral en Pleno**.

O concello de Corcubión foi un dos concellos que se viron na obriga de adaptar e revisar o Plan especial de protección do conxunto histórico, e obrigado pola Lei 5/2016 do 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia. Esta obriga, para aqueles concellos con Plan especiais de protección anteriores á Lei 8/1995, supón un serio problema para un concello pequeno e que manexa un orzamento anual de 1,3 millóns, dos que 770.000 € son somentes para pagos de persoal.

A pouca marxe económica e a urxencia da adaptación á lei actual do Plan especial de protección do conxunto histórico levou a manter dúas reunións coa secretaria xeral de Urbanismo, en xaneiro e outubro do ano 2017, co fin de pedir o apoio económico da consellería para poder desenvolver o plan.

Ante a falla de apoio explícito, en data do 1 de febreiro de 2018 o Partido Socialista solicita na Comisión 2.<sup>a</sup> do Parlamento a colaboración económica da Xunta de Galicia con este concello, resultando aprobada, por unanimidade de todos os grupos e sen modificacións a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a colaborar economicamente co concello de Corcubión asumindo na súa totalidade a cantidade precisa para a revisión e actualización do Plan especial de protección do casco histórico e materializar esta colaboración no menor tempo posible."

Transcorridos máis de 9 meses deste acordo parlamentario, e finalizada xa a data (16 agosto de 2018) para a actualización necesaria do Plan especial de protección, segue sen ser efectiva por parte da Xunta de Galicia a materialización efectiva do compromiso adquirido.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado o Goberno galego cumprir o mandato parlamentario de apoiar economicamente ó concello de Corcubiión asumindo na súa totalidade a cantidade precisa para a revisión e actualización do seu Plan especial de protección do casco histórico?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López  
María Dolores Toja Suárez  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Concepción Burgo López  
Patricia Vilán Lorenzo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 16/01/2019 16:39:19**

**María Dolores Toja Suárez na data 16/01/2019 16:39:25**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/01/2019 16:39:32**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 16/01/2019 16:39:37**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2019 16:39:42**



## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Máis dun terzo dos anuncios de xoguetes que se ven por televisión e que ven por televisión os menores e as menores de idade, conteñen estereotipos de xénero. Un estudio de principios do 2018 do Consell de l'Audiovisual de Catalunya, o CAC, así o revelaba.

O CAC tamén puxo de manifesto que na pasada campaña do Nadal se rexistrou por vez primeira desde 2012 un repunte da publicidade sexista.

O 11 % dos anuncios de xoguetes amosan nenas preocupadas polo seu aspecto físico, con accións como pintar as uñas, facer reflexos de cores no pelo ou aplicar tatuaxes ou cosméticos.

As representacións de estereotipos que apareceron máis frecuentemente foron estereotipos femininos: nena que xoga só con nenas (22,4 %) e nena que xoga con boneca (18,7 %).

A publicidade establece, tamén, unha relación entre certas tipoloxías de xoguetes e as representacións de estereotipos de só un dos xéneros: as bonecas, accesorios e os xogos de imitación da realidade se vinculan ó xogo das nenas; as autopistas e accesorios, os vehículos en miniatura e os xogos de puntería e habilidade, ó dos nenos.

E contra todo isto loitan nais e pais, educadoras e educadores, mulleres e homes conscientes da influencia dos medios de comunicación e a publicidade na formación dos nenos e nenas como cidadáns e cidadás. Sabemos que os estereotipos que transmiten os medios, especialmente as pantallas, provocan construcións patriarcais machistas e sexistas que logo custa moito de combater e eliminar.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Comparte este Goberno a necesidade de incidir na sensibilización e prevención da instauración dos estereotipos de xénero?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López  
María Dolores Toja Suárez  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Concepción Burgo López  
Patricia Vilán Lorenzo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 16/01/2019 16:40:24**

**María Dolores Toja Suárez na data 16/01/2019 16:40:30**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/01/2019 16:40:35**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 16/01/2019 16:40:41**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2019 16:40:46**

Se consultamos os últimos datos publicados pola propia Xunta de Galicia no Portal de Transparencia (<https://www.xunta.gal/funcion-publica/informacion-estadistica/evolucion-de-efectivos-2017>), conséctase unha taxa de temporalidade nos servizos de educación non universitaria e sanitarios moi superior ás cifras que habitualmente está a asumir o Goberno galego.

Dos 30.153 docentes non universitarios que figuran no dito Portal, 4.346 teñen carácter interino (sen computar aos docentes con contrato inferior a seis meses), polo que a taxa de temporalidade neste sector sitúase como mínimo no 14,4 %.

Dos 34.544 efectivos das institucións sanitarias que reflicte o Portal, 8.925 teñen carácter temporal, o que supón un 25,8 % de taxa de temporalidade. 6.998 temporais son persoal sanitario e 1.927 non sanitario.

Porén, resulta urxente garantir unha axeitada planificación e efectiva execución das ofertas de emprego público.

Ante esta grave situación, os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas efectivas está tomando o Goberno galego para recuperar as taxas de emprego público autonómico, con especial atención á redución urxente dos altos niveis de temporalidade nos sectores da docencia non universitaria e da sanidade?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2019



**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/01/2019 17:54:26**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2019 17:54:41**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/01/2019 17:54:48**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/01/2019 17:54:57**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/01/2019 17:55:07**

**Julio Torrado Quintela na data 16/01/2019 17:55:15**

**Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2019 17:55:23**



## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago e Diego Calvo Pouso** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate pleno**.

O actual goberno galego, na súa aposta e compromiso por acadar unha mellor e maior atención cidadá no conxunto do sector público autonómico galego, puxo en marcha distintos sistemas de participación cidadá coa finalidade de potenciar unhas relacións coa cidadanía mais sinxelas, accesibles e participativas fomentando unha toma de decisións mais aberta e transparente.

Estes sistemas foron postos en marcha gracias á Lei 1/2015, de 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración e o seu decreto que a desenvolve (o decreto 129/2016, de 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia), así como á Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En concreto, ordeouse e clarificouse o sistema integrado de atención á cidadanía, incrementando os canais de presentación, ampliouse o ámbito de actuación das queixas e suxestións integrando as recibidas polos servizos prestados por xestión indirecta, púxose en funcionamento a Oficina de defensa das persoas usuarias dos Servizos públicos e o Portal de Transparencia e Goberno aberto, normalizáronse e simplificáronse os modelos e documentos a presentar e garantiuse o acceso á información pública demandada pola cidadanía, reducindo os prazos de resposta, entre outras medidas.

Porén, os deputados e deputadas asinantes, queremos formular a seguinte pregunta oral en pleno:

-Cal é o balance e o impacto na prestación de servizos do sector público autonómico galego das medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para facilitar a participación cidadá?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**Paula Prado Del Río na data 16/01/2019 18:19:44**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 16/01/2019 18:20:03**

**César Manuel Fernández Gil na data 16/01/2019 18:20:17**

**Jacobo Moreira Ferro na data 16/01/2019 18:20:21**

**María Isabel Novo Fariña na data 16/01/2019 18:20:38**

**Antonio Mouriño Villar na data 16/01/2019 18:20:53**

**Alberto Pazos Couñago na data 16/01/2019 18:21:06**

**Diego Calvo Pouso na data 16/01/2019 18:21:55**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O mércores 5 de decembro de 2018 ardeu a torre de refrixeración da fábrica de ENCE.

O pasado 7 de novembro unha inspectora municipal constatou, nunha visita á fábrica, que ENCE estaba facendo obras de mellora da eficiencia enerxética e de integración urbanística sen o correspondente título habilitante municipal, polo que foron paralizadas. Atendendo ao que se sabe ata o de agora, as obras ilegais puideron ser as causantes do lume.

Perante estes feitos, a Asociación pola Defensa da Ría (APDR) denunciou que a “presenza de material plástico (poliester), as dimensión do incendio e a proximidade ás instalación nas que se desenvolven as actividades industriais da empresa, fixeron tomar a decisión de desaloxar a fábrica”. Como cabía esperar, ENCE minimizou “a importancia das lapas e da posíbel incidencia do fume no medio ambiente, un fume no que se transportan derivados organohaloxenados, entre eles as coñecidas dioxinas, que teñen unha forte incidencia na saúde das persoas”.

A Asociación advertiu do “perigo que supón para a poboación da comarca e para o medio ambiente convivir cunha fábrica que non só está a contaminar as augas da Ría e o ar que respiramos e a destruír os nosos recursos económicos, senón que atenta contra a integridade da cidadanía en xeral e a dos seus traballadores en particular”.





“Accidentes coma este, deixan en evidencia tamén, a inexistencia –na práctica– dun Plan de Emerxencia Exterior que protexa á poboación no caso dun accidente de maior gravidade e xustifican máis –se cabe– a esixencia da eliminación da fábrica do seu actual emprazamento”.

Por todo isto, dende a APDR, denuncian “o papel que xoga a Xunta de Galicia na permanencia de ENCE na Ría, que pecha os ollos a esta realidade e facilita coas sucesivas resolucións administrativas todas as esixencias da dirección da empresa”.

Acerca disto último, cómpre non esquecer que foi o Goberno galego quen decidiu, o pasado mes de novembro, renovarlle a autorización ambiental á planta de ENCE. O actual permiso autonómico non terá que ser revisado ata catro anos despois de que o Goberno central considere que no sector hai dispoñibles melloras técnicas que limiten mellor a contaminación.

Tendo en conta os riscos que entraña ENCE para a contorna, tanto en circunstancias ordinarias como en situacións de emerxencia como a do incendio; e tendo en conta que a celulosa incumpe a normativa autonómica, estatal e comunitaria, a Xunta de Galicia tería que revocar a autorización ambiental da fábrica de inmediato.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en pleno:

Que información ten a Xunta de Galicia sobre o incendio acontecido na fábrica de ENCE e o seu impacto na contorna?





Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 16/01/2019 18:53:40**

**Antón Sánchez García na data 16/01/2019 18:53:47**





## A Mesa do Parlamento

**Daniel Vega Pérez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Miguel Prado Patiño, Jacobo Moreira Ferro e Rosa Oubiña Solla**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Dende o Grupo Parlamentario Popular queremos preguntar polas razas autóctonas galegas avícola, ovica/cabréa, bovina, equina e porcina. O feito de ter razas autóctonas é importantísimo para o noso rural xa que aporta unha valor engadido a eses produtos no momento da súa comercialización.

En Galicia, contamos con 10 razas autóctonas das especies nomeadas anteriormente que son a galiña de Mos, a ovella galega, a vaca cachena, a vaca caldelá, a vaca frieiresa, a vaca limiá, a vaca vianes, a vaca rubia galega, o cabalo pura raza galega e o porco celta.

No senso de potenciar as razas autóctonas ten unha vital importancia a xenética para seguir avanzando e mellorando a cabana gandeira da nosa comunidade e, polo tanto, tamén a das razas autóctonas. Así, é necesario destacar e por en valor o traballo que está a realizar Xenética Fontao para a mellora xenética das razas autóctonas galegas.

Por outra banda, tamén queremos poñer de relevancia as axudas que a Xunta de Galicia está a conceder aos gandeiros e a colaboración da administración autonómica coas asociacións que defenden e loitan polas razas autóctonas.

É un compromiso que este grupo adquiriu ante a cidadanía galega a través do programa electoral co que obtivo a súa confianza maioritaria en setembro de 2016, no que se recollía expresamente que *“Continuaremos co fomento do emprego das razas autóctonas, tratando de incrementar os seus censos, seguir a valorizalas como sistema de produción diferenciada fomentando o seu uso comercial como vía de subsistencia das ganderías e promovendo os produtos obtidos”*.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno: Que está a facer a Xunta de Galicia para acadar un incremento dos censos das razas autóctonas galegas?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019



**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Vega Pérez na data 17/01/2019 10:10:30**

**Raquel Arias Rodríguez na data 17/01/2019 10:10:38**

**Moisés Blanco Paradelo na data 17/01/2019 10:10:45**

**Carlos Gómez Salgado na data 17/01/2019 10:10:52**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 17/01/2019 10:11:00**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/01/2019 10:11:09**

**Rosa Oubiña Solla na data 17/01/2019 10:11:16**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## A Mesa do Parlamento

**Daniel Vega Pérez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Jacobo Moreira Ferro, Rosa Oubiña Solla e Miguel Prado Patiño**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria dos galegos en 2016, o Partido Popular de Galicia declaraba que ampliaría en todas as especies os programas sanitarios oficiais desenvolto nas explotacións, co obxecto de manter o excelente estatus sanitario de Galicia. O obxectivo é asegurar a rendibilidade das explotacións e evitar a existencia de trabas sanitarias á comercialización dos nosos animais e produtos. Manteremos o estatuto de rexión oficialmente indemne de brucelose ovina e cabrúa e reforzaremos o plan de erradicación da tuberculose bovina, de xeito que se consiga comezar a computar os prazos para ser declarada rexión oficialmente indemne desta enfermidade.

Dada as informacións dos últimos meses, que indican que se camiña na liña comprometida, desde o Grupo Parlamentario Popular cremos necesario preguntar para, deste xeito, informar aos gandeiros sobre os avances que se deron e se están a dar en materia sanitaria no conxunto das explotacións gandeiras de Galicia.

Ademais, estamos convencidos que ter un gando bo saneado é un piar fundamental para as explotacións e que isto vai unido intrinsecamente á economía das mesmas.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Consellería do Medio Rural respecto á situación da tuberculose e brucelose bovina en Galicia?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Vega Pérez na data 17/01/2019 10:13:28**

**Raquel Arias Rodríguez na data 17/01/2019 10:13:37**

**Moisés Blanco Paradelo na data 17/01/2019 10:13:44**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Carlos Gómez Salgado na data 17/01/2019 10:13:52**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/01/2019 10:13:59**

**Rosa Oubiña Solla na data 17/01/2019 10:14:06**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 17/01/2019 10:14:13**



## A Mesa do Parlamento

**Daniel Vega Pérez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Jacobo Moreira Ferro, Rosa Oubiña Solla e Miguel Prado Patiño**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Desde o Grupo Parlamentario Popular querémonos interesar sobre os controis sanitarios, a través das probas da brucelose, na cabana gandeira galega, dado que Galicia foi declarada no ano 2013 rexión oficialmente indemne de brucelose ovina e cabrúa, e en outubro de 2017 rexión oficialmente indemne de brucelose bovina, nos dous casos despois de cinco anos consecutivos sen casos de dita enfermidade.

Loxicamente, estes datos hai que valoralos de forma positiva porque benefician directamente ás nosas explotacións. Por exemplo, no caso do gando bovino permitirá reducir no presente exercicio o peso dos controis de saneamento que soportan os titulares das explotacións.

Polo tanto, desde o Grupo Parlamentario Popular entendemos que para manter esta categoría de territorio indemne de brucelose é necesario seguir a traballar neste senso tendo en conta o que a normativa europea esixe.

Por iso, desde este Grupo Parlamentario queremos que se concreten as probas de brucelose que se van a realizar nas ganderías de vacún de leite, no vacún de carne e no gando ovino e caprino.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:



Que controis sanitarios de brucelose cumprindo a normativa europea se van a realizar nas explotacións bovinas de leite e de carne, e no gando ovino e no caprino?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Vega Pérez na data 17/01/2019 10:15:59**

**Raquel Arias Rodríguez na data 17/01/2019 10:16:06**

**Moisés Blanco Paradelo na data 17/01/2019 10:16:13**

**Carlos Gómez Salgado na data 17/01/2019 10:16:20**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/01/2019 10:16:27**

**Rosa Oubiña Solla na data 17/01/2019 10:16:33**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 17/01/2019 10:16:41**



## Á Mesa do Parlamento

**Carlos Gómez Salgado, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Jacobo Moreira Ferro, Rosa Oubiña Solla e Daniel Vega Pérez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a **seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

No ano 2015 foi identificada a presenza en Galicia da praga producida pola Tecya Solanivora Povolny, coñecida comunmente pola súa orixe centroamericana como Couza Guatemalteca da pataca.

Os primeiros lepidópteros foron detectados en algúns concellos do Norte das provincias de A Coruña e Lugo, e o pasado mes de Marzo coñecemos a aparición deste insecto, en varias parroquias do Concello de Muxía, na provincia de A Coruña.

Para tentar controlar e mesmo erradicar a súa presenza, en todos estes Concellos e lugares adoptáronse de xeito urxente medidas oficiais e fitosanitarias.

Estas baterías de medidas, afectan a produtores, distribuidores e almacenistas, obrigando aos primeiros a colocar trampas con feromona sexual para a captura masiva de individuos; A utilizar semente certificada con garantías sanitarias, a realizar tratamentos fitosanitarios, oua retirar e a destruír todos os tubérculos danados co fin de controlar a praga prohibindo a saída destas zonas de toda a pataca.

Asemade se adoptaron medidas para os almacéns e outros establecementos comercializadores, como a separación da pataca de semente e de consumo, a utilización de mallas tupidas para evitar a entrada da couza, e a desinfectar os almacéns e ferramentas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Despois das medidas adoptadas pola Xunta de Galicia dende a aparición da couza guatemalteca cal é a situación actual da loita contra a praga de coretena da Técia Solanívora Povolny?



Santiago de Compostela 17 de xaneiro 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Gómez Salgado na data 17/01/2019 10:22:14**

**Raquel Arias Rodríguez na data 17/01/2019 10:22:24**

**Moisés Blanco Paradelo na data 17/01/2019 10:22:33**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 17/01/2019 10:22:41**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/01/2019 10:22:48**

**Rosa Oubiña Solla na data 17/01/2019 10:22:54**

**Daniel Vega Pérez na data 17/01/2019 10:23:01**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





## Á Mesa do Parlamento

**Carlos Gómez Salgado, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Jacobo Moreira Ferro, Rosa Oubiña Solla e Daniel Vega Pérez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a **seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A finais do ano 2016, o Diario Oficial de Galicia publicaba a Orde da Consellería do Medio Rural pola que se adoptaba a decisión favorable en relación coa solicitude de rexistro da modificación do prego de condicións da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia.

Finalizado o prazo establecido na lexislación comunitaria para a presentación de alegacións, ningunha persoa física ou xurídica presentou solicitude de oposición polo que a tramitación da modificación do rexistro seguiu adiante ante o Goberno central e a Comisión Europea.

A IXP Pataca de Galicia, promotores desta modificación buscan, entre outras cuestións, incorporar a este distintivo de calidade ás variedades Agría e Fina de Carballo o que permitirá, segundo as súas estimacións, triplicar a produción acollida a esta indicación xeográfica protexida, así como ampliar a zona xeográfica de produción a toda a Comunidade autónoma co consecuente beneficio para os produtores.

Baixo estas premisas o Goberno Galego debe continuar apostando polos produtos galegos de calidade diferenciada, apoiando a produción, comercialización e iniciativas de impulso como a que afecta á IXP Patacas de Galicia.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son as principais novidades das modificacións que se pretenden incluír na IXP Pataca de Galicia?



Santiago de Compostela 17 de xaneiro 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Gómez Salgado na data 17/01/2019 10:24:59**

**Raquel Arias Rodríguez na data 17/01/2019 10:25:07**

**Moisés Blanco Paradelo na data 17/01/2019 10:25:14**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 17/01/2019 10:25:19**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/01/2019 10:25:26**

**Rosa Oubiña Solla na data 17/01/2019 10:25:32**

**Daniel Vega Pérez na data 17/01/2019 10:25:39**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á Mesa do Parlamento

**Jacobo Moreira Ferro, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Rosa Oubiña Solla, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado e Daniel Vega Pérez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O pasado 11 de outubro a Xunta de Galicia e os sindicatos UGT, CC.OO. e CIG alcanzaron un acordo para a mellora das condicións laborais do colectivo de axentes medioambientais e forestais.

Este acordo é froito de meses de reunións e negociacións nas que o Goberno Galego mantivo sempre unha actitude dialogante e aberta a mellorar as condicións laborais do colectivo.

Por todo elo, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o acordo alcanzado con UGT, CC.OO. e CIG para a mellora das condicións laborais do colectivo de axentes medioambientais e forestais ?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

### **Asinado dixitalmente por:**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/01/2019 10:29:57**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 17/01/2019 10:30:06**

**Raquel Arias Rodríguez na data 17/01/2019 10:30:13**

**Rosa Oubiña Solla na data 17/01/2019 10:30:21**

**Moisés Blanco Paradelo na data 17/01/2019 10:30:29**

**Carlos Gómez Salgado na data 17/01/2019 10:30:35**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Daniel Vega Pérez na data 17/01/2019 10:30:43**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: REXISTRO-pYYWkYEnM-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## **A Mesa do Parlamento**

**Rosa Oubiña Solla, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jacobo Moreira Ferro e Daniel Vega Pérez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA) ten como misión esencial fomentar o desenvolvemento tecnolóxico do sector vitivinícola galego, a través tanto da investigación como do asesoramento aos profesionais do sector. Nese senso as funcións principais deste centro son a: Investigación, transferencia tecnolóxica, asesoramento, formación e outras relativas a apoiar a produción vitivinícola.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que liñas de investigación foron levadas a cabo en relación ao sector vitivinícola galego?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosa Oubiña Solla na data 17/01/2019 10:33:14**

**Moisés Blanco Paradelo na data 17/01/2019 10:33:23**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 17/01/2019 10:33:29**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/01/2019 10:49:35  
Nº Rexistro: 43919  
Data envío: 17/01/2019 10:49:35.096**

**Raquel Arias Rodríguez na data 17/01/2019 10:33:35**

**Carlos Gómez Salgado na data 17/01/2019 10:33:42**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/01/2019 10:33:50**

**Daniel Vega Pérez na data 17/01/2019 10:33:58**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: REXISTRO-ogffCveUs-0  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## A Mesa do Parlamento

**Moisés Blanco Paradelo, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez, Miguel Prado Patiño, Jacobo Moreira Ferro e Rosa Oubiña Solla**, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Desde 1962, a Política Agraria Común (PAC) experimentou varias reformas, as cales propiciaron unha continua adaptación aos novos retos e cambios que se foron sucedendo en todos estes anos, polo que segue sendo unha política fundamental para o futuro do eido rural da Unión Europea.

En novembro de 2017, a Comisión Europea (CE) enviou ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións a súa comunicación “O futuro dos alimentos e a agricultura”, como base de traballo para a elaboración das correspondentes propostas lexislativas.

O devandito documento resalta a necesidade de que a PAC estea orientada a cumprir as obrigacións establecidas no Tratado da UE para esta política e, neste sentido, debemos aproveitar as oportunidades da PAC, que tamén se constitúe como unha política territorial europea, contribuíndo á loita contra o despoboamento das áreas rurais ao fortalecer o tecido socioeconómico dos pobos. Con esta concepción, as persoas que desenvolven a actividade agraria de forma principal, son o referente para fortalecer a Política Agraria Común.

Todo iso, sumado á importancia estratéxica do sector agrario para Galicia, lévanos á necesidade de acadar un consenso, entre goberno e actores económicos e sociais, para unha defensa conxunta da postura da Comunidade Autónoma ante a futura Política Agraria Común, ao obxecto de que a mesma garanta a consecución dun sector agrario rexional rendible, sustentable e innovador, que fixe poboación no medio rural.

Tendo en conta o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a posición que manterá o goberno galego no proceso de negociación da nova PAC?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**Asinado dixitalmente por:**

**Moisés Blanco Paradelo na data 17/01/2019 10:43:23**

**Raquel Arias Rodríguez na data 17/01/2019 10:43:34**

**Carlos Gómez Salgado na data 17/01/2019 10:43:42**

**Daniel Vega Pérez na data 17/01/2019 10:43:50**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 17/01/2019 10:43:59**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/01/2019 10:44:06**

**Rosa Oubiña Solla na data 17/01/2019 10:44:13**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





## Á Mesa do Parlamento

**Marian García Míguez, Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na pleno**

O 26 de outubro de 2015, tivo lugar a sinatura entre o Ministro de Interior e a Xunta de Galicia, dun Protocolo en Materia de Violencia de Xénero para a coordinación de actuacións e a cooperación entre a Xefatura Superior de Policía de Galicia e a Unidade do CNP Adscrita á Comunidade Autónoma (UPA).

No marco deste acordo, unha vez superado un curso específico e as correspondentes prácticas nas Comisarías de Policía respectivas, creáronse dentro da Unidade Adscrita, as Unidades de Prevención, Asistencia e Protección ás vítimas de violencia de xénero (UPAPs), con funcións idénticas ás das “*Unidades de Familia y Mujer*” (UFAM-Protección) das Comisarías da Policía Nacional.

Deste xeito, a partires do mes de setembro de 2016, o persoal da UPA, integrado nas citadas unidades, comeza facerse cargo das mulleres protexidas, asignadas desde as Comisarías de Policía Nacional de Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Polo exposto, os deputados e deputadas, formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

-Que balance fai o Goberno galego das actuacións desenvolvidas pola Unidade de Policía Adscrita en materia de protección das vítimas de violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 17/01/2019 11:55:20**

**Paula Prado Del Río na data 17/01/2019 11:55:38**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**María Isabel Novo Fariña na data 17/01/2019 11:55:57**

**César Manuel Fernández Gil na data 17/01/2019 11:56:12**

**Antonio Mouriño Villar na data 17/01/2019 11:56:16**

**Alberto Pazos Couñago na data 17/01/2019 11:58:30**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 17/01/2019 11:58:55**

**Jacobo Moreira Ferro na data 17/01/2019 11:59:07**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A veciñanza do entorno da praia de A Carabuxeira, no Concello de Sanxenxo, leva moito tempo denunciando a existencia de verquidos constantes neste areal: presenza de espuma, malos cheiros, algas e mesmo etiquetas coa palabra mexillón, polo que sospeitan que os verquidos poden proceder dalgunha depuradora.

A veciñanza ven alertando que esta agresión directa ao mar estase producindo moi a miúdo, que teñen feito diversas denuncias, peticións de investigación e busca de solución á problemática en distintas instancias sen resultado algún, poñendo o acento na deixadez das autoridades competentes.

Esta denuncia súmanse á que veñen realizando dende hai anos esta mesma veciñanza, afectada polo estado de deterioro da praia, que ten perdido gran parte da area e xa están as olas afectando aos inmobles máis próximos, debido ao cambio das correntes provocado pola construción ilegal do Porto deportivo de Sanxenxo.

Na construción do dique de abrigo do Porto de Sanxenxo, obra que se acomete nos anos 1997-98, concorren unha serie de irregularidades que causan un dano ata o de agora irreversible ao litoral deste coñecido enclave turístico galego.



O proxecto plantexouse seguindo as dinámicas irracionais das institucións naqueles anos. É dicir, tratábase dunha obra de gran envergadura, elevado coste de amortización e pensada para as elites. Basta sinalar que o proxecto non contempla as necesidades da flota pesqueira. Prodúcese un desprazamento do uso tradicional do porto pesqueiro de Sanxenxo en favor do deportivo, tanto en servizos de terra como en zona de fondeo, atraque e resguardo das embarcacións.

A obra realizouse a pesar das moitas irregularidades nas que se concorreu ante a pasividade ou complicidade da Xunta de Galicia.

Iniciouse a obra sen presentar o estudo de efectos ambientais, non houbo informes arqueolóxicos nin sobre patrimonio cultural, autorizouse a ampliación triplicando o espazo da concesión sen dar conta de afectación de ningún tipo e demais cacicadas para sacar adiante este proxecto sen ningún tipo de control por parte da administración.

Inexplicablemente, estas ilegalidades non tiveron a repercusión lóxica que sería unha orde de demolición, reposición ou derribo do construído. Todo quedou resolto coa redacción dun plan de rexeneración e medidas compensatorias que aínda hoxe está sen executar. Constituíuse un aval bancario por unha cantidade, a día de hoxe, manifestamente insuficiente, a cargo da empresa concesionaria.

O cambio na dirección das correntes mariñas producidas polo novo dique, entre outras desfeitas ecolóxicas, transformou nun pedregal a praia da Carabuxeira, afectando non só ao desfrute dos areais se non tamén aos muros, cimentacións das vivendas, instalación e acceso á praia.

A desfeita realizada no litoral Sanxenxino debería ser obxecto de estudo rigoroso e a rexeneración da praia da Carabuxeira tería que ser exemplar, para non afondar





aínda máis nos xa graves problemas creados polas políticas baseadas na especulación.

En Marea xa defendeu unha iniciativa na que instamos ao Goberno da Xunta de Galicia a que iniciase os trámites para a recuperación da praia da Carabuxeira e o seu entorno, á reparación das vivendas afectadas e a devolución desa parte do litoral ao seu estado anterior á construción do Porto Deportivo que contou co voto negativo do PP, posición que mudou despois de que Telmo Martín accedese á alcaldía de Sanxenxo.

Tamén dende En Marea preguntamos ao Goberno galego sobre as actuacións que deberían levar a cabo para rexenerar esta parte do litoral, respondéndonos que a Xunta de Galicia propuxo a creación dun grupo de traballo coas 3 partes implicadas, mal formulado, xa que implicadas hai máis axentes, refírese a responsables (Costas, Concello e Portos) para establecer un plan de actuación en función das competencias de cada Administración neste ámbito.

Recentemente o Alcalde indicou ás veciñas do entorno da praia de Carabuxeira que o único que se intentara é un recheo de area, descoñecendo a súa viabilidade ademais de facer un paseo de formigón e tamén cubrir de cemento o único parque natural que queda nese entorno, mostrando o seu nulo interese por afrontar a solución ao problema e a súa total falta de sensibilidade ambiental, máis non debería sorprenden a ninguén tendo en conta que falamos dun alcalde do PP que ten feito manifestacións machistas e xenófobas e que está condenado por cobrar sobrecostes en vivenda protexida ou construír ilegalmente edificios en primeira liña de praia, un verdadeiro perigo público ao mando dunha administración local.





Esta situación é insostible e intolerable, polo que é preciso unha actuación urxente para acabar cos verquidos e comezar coa necesaria rexeneración desta parte do litoral sanxenxino.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que ten feito a Xunta de Galicia para poñer solución a este grave problema?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando  
Antón Sánchez García  
Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 17/01/2019 11:08:49**

**Antón Sánchez García na data 17/01/2019 11:08:56**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de publicar a convocatoria de axudas para previr os danos causados, polo lobo e o porco bravo, na gandeiría e nos cultivos agrícolas mediante a Orde de 19 de decembro de 2018 publicada no DOG nº 5 de 8 de xaneiro de 2019.

Dende o BNG consideramos que esta orde de axudas para impulsar medidas que incentiven a protección de cultivos fronte ós seus danos, carece de calquera eficacia preventiva, pois máis alá de contribuír moi marxinalmente a algunhas explotacións, deixa sen posibilidade de axudas á inmensa maioría dos afectados que poderían ter interese nesta convocatoria. Constátase esta afirmación tanto pola cuantía orzamentaria coma polas condicións esixidas para os beneficiarios/afectados, a primeira polo escasa e as segundas pola non observación da realidade agrogandeira do país dos galegos.

Con respecto ao xabaril valoramos que mentres non se destinen recursos para abordar un rigoroso plan de xestión das poboacións do xabaril a nivel galego, e atendendo as súas peculiaridades por comarcas, que aborde múltiples cuestións, entre elas tamén o considerar un deseño coordinado e planificado de actuacións de prevención de cultivos, pois, non se comezará a atender en serio o problema, e continuarase co disparate de articular medidas erráticas e que nada resolven. Non se pode continuar por





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

máis tempo con solucións parciais, improvisadas e de parche que sucesivamente se veñen aplicando, e que son indicativos dunha xestión ao chou e carente dun criterio de xestión técnico científico.

Con respecto ao lobo a cantidade consignada resulta totalmente insuficiente, supón na práctica un esforzo de escaso alcance e dificilmente permitirán acadar uns obxectivos preventivos eficaces. Boas prácticas de manexo no gando son garantía de reducir moito os danos de lobo, cara situacións moi excepcionais. Hoxe a maioría dos ataques responden a situacións facilmente corrixibles de favorecerse e impulsarse unha cultura de manexo e vixiancia do gando. As actuacións de manexo preventivo, mediante a combinación de medidas, e asistidos por un permanente asesoramento de diagnóstico e apoio na implantación de boas prácticas, pasa por ser a clave e solución á presenza do lobo cerca das explotacións gandeiras. Debe ofrecerse ás explotacións, unha atención inmediata e con sensibilidade, cunha dotación presupostaria axeitada e completa, e moito menos burocratizada. Que non é o caso, por moi baixa dotación e complexidade dos requirimentos.

Tamén valoramos que os problemas asociados aos danos que causan o xabaril, por unha banda, e o lobo (ou oso) por outra, son problemáticas independentes que deberían ter un trato administrativo diferenciado e, polo tanto, convocatorias e orzamentos separados establecéndose uns criterios propios e claros para cada especie, e non presentando unha redacción da orde con propostas de medidas comúns que propician maior confusión aínda.

Tanto para xabaril coma lobo, no caso dos peches fixos, a esixencia de ter tódolos permisos e licencias (licenza de obras municipal, autorización de augas, de patrimonio, de medio ambiente en caso de Rede Natura 2000,...) no momento da solicitude da axuda é descoñecer a lentitude e farragosidade dos mesmos, en todo caso unha declaración responsable de telas solicitadas no momento da tramitación da axuda.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Pensar que con pastores eléctricos que bordeen as fincas destinadas a cultivos xa solucionamos a prevención é descoñecer o problema de raíz.

Esixir na documentación os datos da PAC é descoñecer a realidade actual da horta convencional, así coma esixir os contratos de arrendamento das fincas. Outro tanto acontece co cultivo do boniato que non sabemos tiña tanta importancia na horta galega.

A memoria técnica das características dos valados fixos ben merece unha revisión. Enterrar 30cms. unha estaca de 2m. é suficiente se se espeta en cemento, en terra supón un descoñecemento da realidade.

E así poderíamos seguir enumerando despropósitos e inexactitudes que ben merecen unha revisión a fondo polo ben dos sectores afectados polos danos desta fauna silvestre, que son inherentes a un territorio natural rico e san que tamén é preciso preservar por moitos outros beneficios ecosistémicos que prestan.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora o rexeitamento que provocou nos sectores afectados tanto polo lobo coma polo xabaril o desenvolvemento e requisitos establecidos pola Orde que establece as bases reguladoras das axudas para prevención de danos e a escasa dotación das mesmas?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 17/01/2019 12:52:15**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2019 12:52:21**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2019 12:52:23**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2019 12:52:25**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2019 12:52:26**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2019 12:52:28**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A planta de gas de Reganosa, que dispón dunha capacidade de almacenaxe de 300.000 m<sup>3</sup> de gas natural licuado (GNL), sitúase en Punta Promontorio, no interior da ría de Ferrol, a 100 metros do núcleo urbano máis próximo, a 400 metros dos arsenais de Defensa (a medir dende o fondeo de un gaseiro no caso dunha emerxencia), a 900 metros da vila de Mugar dos e a 1.500 metros da cidade de Ferrol. Está ao carón do Complexo Petroquímico de Forestal do Atlántico, que almacena máis de 283.000 metros cúbicos de combustibles (fueloil, gasoil, slops) e substancias químicas (formol, fenol, metanol, sulfato amónico, sosa, etcétera). Isto suma aos perigos propios da planta o risco de efecto dominó previsto no artigo 8 da Directiva 86/82/CE.

A ría conta cun porto exterior que foi construído para evitar a perigosidade intrínseca ao seu canal de acceso. A Reganosa ofrecéuselle a posibilidade de levantar a súa planta nese terreo, pero, atendendo a intereses privados, preferiu asentarse no interior da ría, cos conseguintes riscos para a natureza, o patrimonio e o conxunto da cidadanía.

A contorna de Punta Promontorio é solo rústico especialmente protexido no PGOM de Mugar dos e conta con importantes xacementos arqueolóxicos romanos (Caldoval, Santa Lucía, Noville), ademais do Castro de Mehá. Preto de Punta Promontorio atópanse tamén os bancos marisqueiros de A Barca, Noville e Sta. Lucía, ricos en ameixas, que levan tempo véndose prexudicados por mor dos





recheos da ría, os vertidos químicos de Forestal do Atlántico e o sistema de regasificación de Reganosa. Esta última precisa ata 13.200 m<sup>3</sup>/h (316.800 toneladas/día) de auga do mar impregnada con hipoclorito sódico que provoca a morte da flora e fauna da zona, incluíndo os bivalvos dos bancos marisqueiros. Os máis de 700 traballadores e traballadoras que se dedican ao marisqueo na ría comprobaron como estes anos baixou o volume das capturas e o tamaño das ameixas.

Dende un punto de vista económico, a planta de gas carece de toda xustificación, como demostra a inmensa diferenza que existe entre os datos comprometidos para obter a aprobación da Comisión Nacional da Enerxía e a produción real. O consumo comprometido en dita solicitude era de 3,5 mil millóns de (N) m<sup>3</sup>. Porén, nos últimos anos a produción total foi de tan só 1,08 mil millóns de (N) m<sup>3</sup>. O volume de semellante desfase fai imposible pensar que a diferenza entre o consumo comprometido e o actual se deba a un mero erro de cálculo. O acontecido foi unha estafa orquestrada con premeditación. As infraestruturas existentes en Galicia no ano 2007 eran suficientes para cubrir a demanda de gas.

No plano estatal, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) indica na súa última Consulta Pública que existen en España 7 plantas de gas cunha “utilización” media inferior ao 25% e que si se contabiliza a Planta de El Musel en Gijón (en hibernación) este porcentaxe redúcese a un 21,4 %. Esta cativa utilización das infraestruturas gasistas ten elevado o déficit de tarifa aos 1.300 millóns de euros, que pagamos todos os cidadáns ao igual que o déficit da tarifa eléctrica, polo “bo facer e o bo servizo das empresas enerxéticas”.

Ao longo da súa historia, as irregularidades flagrantes da planta de Reganosa fixo que o Tribunal Supremo determinase a súa ilegalidade ata en 4 sentenzas.



- Na primeira sentenza, 503/2004, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declarou ilegal a Planta de Gas por carecer de Declaración de Impacto Ambiental (DIA).
- Na segunda, de maio de 2012, ao recurso de casación 4512/2008, o Tribunal Supremo anulou en sentenza firme a modificación do Plan Xeral de Urbanismo de Mugar dos que servía como base á concesión da construción da Planta de Gas.
- Na sentenza 695/2016, de marzo de 2016, o Tribunal Supremo anulou a autorización administrativa previa concedida pola Dirección de Política Enerxética o 2 de xuño de 2002.
- Por último, o 25 de abril de 2016 o Tribunal Supremo, coa sentenza 889/2016, anulou o Proxecto de Execución inicialmente outorgada pola Dirección de Política Enerxética e Minas no 2004.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que pensa facer a Xunta de Galicia para sanear a ría de Ferrol de xeito “integral”?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 17/01/2019 10:23:22**

**Antón Sánchez García na data 17/01/2019 10:23:42**





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Galiza ten no seu territorio dúas importantes centrais termoeléctricas que traballan con carbón importado: a de Meirama, posta en marcha en 1980 e a das Pontes, a partir de 1976. Existen no noso país polas mesmas razóns que nos levaron a que hoxe Galiza estea especializada na xeración de electricidade, por decisións alleas, moitas delas tomadas no franquismo e posteriormente polos poderes fácticos herdeiros deste. Isto foi sobre todo a través do aproveitamento do noso potencial hidroeléctrico, pero tamén a través doutras formas, como a través dos xacementos de carbón. Uns xacementos hoxe esgotados despois de ser esquilados cun modelo colonial de explotación que implicou tanto dano ambiental como social a través do empobrecemento da clase traballadora nunha actividade penosa a cambio dun retorno moi limitado no plano individual e no social.

Hoxe as térmicas galegas funcionan con carbón importado e esta ten sido unha desculpa empregada polo goberno central para afondar nas consecuencias negativas deste modelo de explotación colonial combinado cunha política enerxética centralista ao excluír Galiza das políticas públicas arbitradas presuntamente para impulsar os territorios mineiros en reconversión. Se ben as zonas de Meirama e As





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Pontes non extraen carbón hoxe, si podemos dicir que son comarcas xa que aínda pagan as consecuencias do fin da explotación dos minerais (despedimentos, impacto natural, na saúde da poboación, falta de adaptación a outras formas de produción etc).

Hai que ter en conta que esta forma de xeración ten un importante impacto no medio ambiente debido á alta emisión de CO2 e de gases causantes de acidificación. Supoñen a meirande parte dos gases de efecto invernadoiro que afectan o noso país. Este feito, combinado con que estamos a falar dunha materia prima -o carbón- que é finita e ten data de caducidade fan que a mudanza por outros mecanismos de produción sexa unha necesidade desde hai moito tempo. A Directiva Europea de Emisións determina uns niveis de emisións contaminantes ao que han de adaptarse as térmicas para poder funcionar até 2045. Quen marca esas emisións e os límites é a Unión Europea, nin Galiza nin o Estado, o que reflexa a falta de soberanía do noso país. Esta Directiva non é nova e durante a última década asistimos a un desatendemento constante do Estado e da Xunta, que permitiron o incumprimento de límites de emisións e que en ningún momento promoveron ou negociaron medidas para que o aire que respiramos estea máis limpo.

O anuncio do peche de Meirama enmárcase na negativa de Naturgy á adaptar tecnoloxicamente a central é a crónica dunha morte anunciada e unha mala nova ao producirse sen ningún tipo de planificación ou opción de transición realista a un novo escenario enerxético e produtivo que non supoña un retroceso.

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Que actuacións propias vai levar a cabo o goberno galego diante do anuncio de peche de Meirama?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2019 13:26:57**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2019 13:27:01**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2019 13:27:03**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 17/01/2019 13:27:04**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2019 13:27:05**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2019 13:27:07**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García, Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**.

O xabarlil leva anos sendo un problema grave para as colleitas e a seguridade viaria. No 2018, foi o responsable de preto de 1.200 accidentes de tráfico e causou danos económicos inxentes que afectaron, sobre todo, ás colleitas de millo e pataca. O abandono do monte e as dificultades que existen para cazalo están facendo que desborde o seu hábitat natural, de tal xeito que o atopamos incluso camiñando polas rúas de Lugo, Oleiros e A Coruña.

En total, no ano 2018 a Xunta de Galicia recibiu 1.335 avisos por danos causados por xabarís, case catro o día. Isto son 265 avisos máis que en 2017. O número de avisos aumentou de maneira particularmente notable na Coruña, que pasou dos 440 avisos de 2016 e dos 357 de 2017 aos 605 de 2018. En Lugo, Ourense e Pontevedra houbo, respectivamente 498, 49 e 183.

Os principais prexudicados pola actividade dos xabarís son os gandeiros, que ademais de sufrir os ataques do animal padecen a incompetencia do Goberno da Xunta.

Recentemente, as organizacións de gandeiros denunciaron que a actual orde de axudas para a prevención dos danos da fauna salvaxe non permite a unha boa parte dos afectados polos ataques de lobos e xabarís solicitar o apoio do Goberno. Ademais, as propias axudas contempladas non semellan moi efectivas





para previr e evitar os danos. Os cans que se esixen para a defensa do gando, por exemplo, non son quen de acompañar o gando no seu camiñar polo monte e non están capacitados para defendelo. No que respecta aos peches fixos, a orde esixe a presentación de tódolos permisos e autorizacións de obra no momento da solicitude, algo que nin sequera é viable cando a concesión da licencia precisa informes positivos de outros entes administrativos.

Así as cousas, as asociacións de gandeiros solicitaron á Consellería de Medio Ambiente unha corrección integral da orde. A nova orde tería que ser pactada co sector para comprender que é o que precisa e como facerllo chegar.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Pleno:

Que opinión lle merecen as críticas dos gandeiros á orde de axudas para a prevención dos danos da fauna salvaxe?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araujo

Antón Sánchez García

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 17/01/2019 13:54:00**





**Paula Quinteiro Araújo na data 17/01/2019 13:54:07**

**Antón Sánchez García na data 17/01/2019 13:54:15**



## Á MESA DO PARLAMENTO.

**Luís Villares Naveira** e **Paula Vázquez Verao**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**, sobre a necesidade de reprobación do alcalde de Baralla por reincidencia nas súas manifestacións.

Sorprendía o alcalde de Baralla hai uns anos cunhas manifestacións durante o pleno nas que falaba da sorte que correran as persoas asasinadas polo réxime ditatorial franquista, despois do Golpe de Estado contra a II República no ano 1936.

Así, as estas declaracións “os mortos do franquismo será que o merecían” durante un pleno no mes de xullo do ano 2013 sumáronse as que se coñeceron posteriormente, doutro pleno celebrado o 21 de decembro de 2017. Nel, ante unha proposta de emenda sobre os orzamentos do 2018, na que se propoñía unha medida para incentivar/premiar a natalidade no concello, cun presuposto de 15.000 euros dos que se atribuirían 1000€ por cada nacemento no ano 2018 manifestou o seguinte: "as capas sociais máis baixas son as que teñen os nenos" e "non coidan".

Despois desenvolveu outros argumentos baseados en tópicos e prexuizos sobre o colectivo de persoas de etnia xitana, así "aos xitanos, sen desprecialos, dálles igual ter seis ca sete" e "si puideran cada tres meses nacía un".

Rematou a intervención facendo un análise sobre a bondade da proposta, inda que “a axuda en si mesma non axudaría en exceso a impulsar a natalidade, xa que as axudas nin van nin veñen e inda que calquera axuda é boa, a xente non se vai





arranxar con iso”. Tamén sinalou a conveniencia de “establecer baremos estritos para evitar situacións discriminatorias e sangrantes”

Estas manifestacións amosan a escasa calidade democrática, o carácter ditatorial do propio alcalde, o nulo respecto por as minorías baseadas en tópicos e prexuízos. Ademais, amosa unha concepción clasista sobre quen pode ou ter fillos ligado a como os tratan, como se nacer nunha familia establece os parámetros de coidados e de educación que se reciben.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que opinión lle merecen á Xunta as declaracións emitidas por un alcalde da provincia de Lugo sobre as axudas á familias para incrementar a taxa de natalidade?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 16/01/2019 09:56:21**





**Paula Vázquez Verao na data 16/01/2019 09:56:31**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

1. A empresa Vulcano e o seu cadro de persoal están pasando por unha situación desesperada, que se prolonga co paso do tempo sen que se vexa unha luz no final do túnel. Ou o que é peor: que se está agravando e que pon en risco a continuidade da empresa e o mantemento dos postos de traballo.

Entre os aspectos máis relevantes da situación de Vulcano cabe sinalar:

- A actividade do estaleiro está paralizada desde fai tres meses.
- As empresas auxiliares abandonaron o estaleiro e os provedores non fornecen materiais. Nun e noutro caso reclaman débedas millonarias.
- O persoal da empresa leva case cinco meses sen cobrar.
- Hai unha absoluta incerteza non só sobre o futuro da empresa senón tamén sobre o principal reto que existe no inmediato que é o remate e entrega do ferri que está na última fase do proceso de construción.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- O estaleiro incumpriu a data de entrega do ferri ao Santander e PYMAR e quedou sen liquidez para encarar a finalización do barco. Segundo a información do Comité de empresa, faltarían 2 ou 3 meses para rematar e entregar o buque.

- O incumprimento do prazo de entrega ten como consecuencia a posibilidade de penalizacións e mesmo a anulación do contrato, coas graves consecuencias que tería unha decisión desta natureza.

- Se se consegue rematar e entregar o barco, non existe nova carga de traballo de cara ao futuro.

2. Está claro que a máxima responsabilidade da actual situación é da propiedade. Mais tamén é certo que a Xunta de Galiza debería ter unha maior implicación para procurar unha saída.

O pasado 14 de decembro de 2018 tivo lugar unha xuntanza en Compostela na que participaron todas as partes (SANTANDER, PYMAR, empresa armadora, Vulcano, Xunta de Galiza e Comité de Empresa) na que se concluíu que Vulcano debía presentar unha proposta de Plan de traballo e calendario de entrega do barco, que debería ser aceptado polas empresas contratantes (Banco Santander e PYMAR) e pola armadora.

Segundo a información de que dispón o BNG, a empresa presentou ese plan máis non houbo resposta por parte dos outros actores. E non foi convocada ningunha reunión de seguimento para procurar o achegamento e unha posíbel negociación entre as partes.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Que xestións realizou ou prevé realizar a Xunta de Galiza desde o pasado 14 de decembro de 2018, para procurar unha saída á situación crítica que atravesamos a empresa Vulcano?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2019 16:48:38**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2019 16:48:43**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2019 16:48:45**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/01/2019 16:48:46**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2019 16:48:48**

**Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2019 16:48:49**



## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Durante o pasado verán de 2018, a Xunta de Galicia asumiu a decisión de concentrar os servizos de pediatría en atención primaria en torno ás vilas e poboacións máis densas e grandes das comarcas galegas. Esta decisión tivo que ver coa necesidade de resolver o problema derivado das vacacións dos e das profesionais que prestan servizo no Sergas, e a ausencia de número suficiente de profesionais de pediatría para cubrir estas ausencias.

Nalgúns centros, a ausencia do profesional de pediatría cóbrease con médicos de medicina familiar con algunha experiencia previa en atención pediátrica, ou con algunha formación en puericultura, pero unha gran parte deles non teñen ningunha cobertura.

Con motivo da decisión adoptada de agrupar o servizo en torno a determinados centros de saúde e, ao fío dunha interpelación e unha moción presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia non confirmou nin desmentiu que a agrupación de profesionais fose unha decisión con previsión de estabilidade, o que acentuou a preocupación de pais e nais que non tiñan certeza sobre a continuidade do servizo de pediatría en primaria, que se prestaba nos centros de saúde de referencia por profesionais especialistas en pediatría.

O decisión de agrupar os e as profesionais está a ter consecuencias importantes na calidade do servizo, por unha banda, os pediatras teñen que atender a un maior número de doentes infantís, e nalgúns casos nin sequera son especialistas, e por outra, os pais e nais véñense obrigados a facer grandes desprazamentos e con horarios difíciles para a conciliación o que incrementa os problemas neste eido.

No caso do Centro de Saúde de Bueu, onde había ata o mes de outubro do 2018 dúas pediatras, a primeiros de novembro dese ano o Sergas decidiu o traslado dunha delas a outro concello, quedando tan só unha no concello buenense, que atende agora a máis de 1400 nenos e nenas.



Trala petición de reunión do propio alcalde de Bueu coa Xerencia do EOXI, que foi mantida a mediados de novembro, tranquilizouse sobre o carácter transitorio desta situación que sería resolta na próxima OPE.

Ben é certo que dende a propia Xerencia da EOXI consideraron tamén que o nivel de cartillas que atende a pediatra actual está nuns niveis considerables, o que sen dúbida alertou a moitos veciños e veciñas.

Os problema e preocupacións, que se evidenciaron e recrudeceron xa no mes de decembro, é que se están a sufrir retrasos considerables na concesión de citas para os e as menores, especialmente para as revisións, de máis de 20 días, o que está a producir unha grande preocupación para a veciñanza, que ve como a atención pediátrica está a resultar insuficiente para a demanda existente, co conseguinte risco para o axeitado control da saúde dos nenos e nenas desta localidade.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que vai facer o Goberno galego para solucionar a grave situación na que se atopa actualmente o servizo de atención pediátrica no Centro de Saúde do concello de Bueu?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 17/01/2019 17:25:29**

**Julio Torrado Quintela na data 17/01/2019 17:25:35**

**Noela Blanco Rodríguez na data 17/01/2019 17:25:39**



## Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 (PEG), no eixe 3, *Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes*, un dos obxectivos estratéxicos que establece é “*Modernizar os portos de Galicia, garantindo os medios precisos para desenvolver un modelo de negocio en cada dársena en base ás actividades con máis demanda e á especialización e para colaborar á sustentabilidade da actividade pesqueira.*”

No mesmo plan, establécese a necesidade de *mellorar as infraestruturas dos portos pesqueiros e as lonxas para aumentar a seguridade e a calidade do traballo das persoas que se dedican á pesca e a diminuír o impacto ambiental e a contaminación.* Deste xeito os resultados que se conseguirían serían os de *contar cun sistema portuario pesqueiro adaptado ás especificidades de cada porto contribuíndo deste xeito a lograr a sustentabilidade da actividade pesqueira mediante infraestruturas modernas, especializadas e eficientes.* Finalmente, como principais liñas de actuación indica: “*a construción das novas infraestruturas necesarias para a mellora da seguridade e das condicións de traballo das persoas que se dedican á pesca.*”

Cando o dito PEG comeza a súa recta final, resulta especialmente preocupante o seu incumprimento dada a situación dalgúns portos galegos, que non cumpren cos requisitos mínimos de seguridade, á espera de actuacións concretas como, por exemplo, o caso do porto de Laxe, pendente dunha dragaxe que obriga aos mariñeiros a refuxiarse no porto de Camariñas no caso de maresía, ou no porto de Malpica, no que calquera persoa que tivese a oportunidade de ver saír un barco, se sorprendería da valentía que se precisa para realizar esta manobra, xa que é evidente a situación de perigo que supón esta operación nas condicións actuais, cualificada no medio mariño como de pericia, valentía e temeridade. Pero, diante destes obxectivos estratéxicos, só podemos falar da irresponsabilidade dun Goberno que, coñecedor da situación, e que implantou como obxectivo a modernización dos portos galegos mediante a dotación de medidas de seguridade necesarias, non cumpre cos propósitos que el mesmo estableceu, por iso cada saída do porto continúa a ser unha operación cun enorme risco para as persoas que se dedican a estes labores. Unha operación que debería ser rutineira está a provocar accidentes dramáticos máis a miúdo do desexado, como o



ocorrido o pasado decembro no que houbo que lamentar a perda dunha vida humana.

Non é un tema novo, lévase moito tempo advertindo dos riscos de non acometer as obras para evitar a situación de perigo da bocana. A pesares diso, nos orzamentos do ano 2019 non hai partidas establecidas para realizar as obras que eliminen o alto nivel de risco existente no porto.

Cabe, polo tanto, preguntarse se ante a gravidade da situación o Goberno galego ten decidido que actuacións vai desenvolver para evitar novas desgrazas, por iso as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas concretas vai levar a cabo o Goberno galego para cumprir co Plan Estratégico Galego 2015-2020, concretamente no porto de Malpica?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 17/01/2019 17:36:31**

**Patricia Otero Rodríguez na data 17/01/2019 17:36:41**





## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O día 25 de abril do 2017 foi presentada a debate do Pleno da Cámara unha proposición non de lei por parte do Grupo Parlamentario Socialista para solicitar a posta en marcha urxente dende a Xunta da Galicia do I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia.

A iniciativa non acadou o apoio do grupo de goberno, por non estar disposto á redacción dun informe que puxera de manifesto o feito ata o momento, que era nada.

A día de hoxe, xaneiro de 2019, a realidade é que o Plan de igualdade segue sen ser unha realidade.

Un plan de obrigada implantación dende o 3 de maio de 2007, coa Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Esta obriga recollíase no seu artigo 11 (*Voluntariedade e obrigatoriedade dos plans de igualdade*), que di así: “*Os plans de igualdade serán obrigatorios para a Administración autonómica, os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da comunidade autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da comunidade autónoma que, ao careceren de personalidade xurídica, non estean formalmente integrados na Administración da comunidade autónoma*”.

Este mesmo artigo mantense no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Levamos polo tanto xa case 12 anos agardando por unha medida que permita conquistar o obxectivo de igualdade entre mulleres e homes e a eliminación da discriminación por razón de sexo.



O 4 de xullo do 2017 a Comisión Interdepartamental de Igualdade acordou elaborar o I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia. Máis de 18 meses despois seguimos agardando pola súa aprobación e posta en marcha, sen ningún tipo de noticia ao respecto.

Que tras 12 anos da aprobación da lei este plan non se teña posto en marcha choca moito coas boas intencións que este Goberno manifesta antes os medios, pero que pouco se reflicten nos feitos.

Por todo o exposto, pola urxencia que entendemos segue a merecer este asunto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Canto máis tempo pensa o Goberno galego demorar a posta en marcha do I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 17/01/2019 17:39:39**

**María Dolores Toja Suárez na data 17/01/2019 17:39:44**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 17/01/2019 17:39:51**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 17/01/2019 17:39:56**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/01/2019 17:40:02**



## Á Mesa do Parlamento

**Raúl Fernández Fernández e José Manuel Pérez Seco**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Galicia amosa un recoñecido escenario de debilidade nun amplo espazo territorial da Comunidade Autónoma, a pesares das recoñecidas fortalezas das que dispón nese mesmo ámbito. O chamado medio rural avanza na despoboación e abandono das terras, identificándose, cada día máis, coa desertización. O desequilibrio entre o rural e o urbano é manifesto:

- No urbano vive o 75-80 % da poboación ocupando ó 20-30 % do territorio.
- No rural vive o 20-25 % da poboación ocupando o 70-80 % do territorio.

Este desequilibrio limita, e mesmo reduce, o desenvolvemento global de Galicia en termos económicos, sociais, naturais, de emprego, medioambientais, etc...

É preciso, polo tanto, atallar esa dinámica negativa de despoboamento con políticas activas, claras, efectivas e avaliáveis que fixen poboación no rural.

Por todo elo, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que a fixación da poboación no medio rural é necesaria para Galicia?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Raúl Fernández Fernández na data 17/01/2019 17:46:36**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/01/2019 17:46:42**



## Á Mesa do Parlamento

**Raúl Fernández Fernández e José Manuel Pérez Seco**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Galicia amosa un recoñecido escenario de debilidade nun amplo espazo territorial da Comunidade Autónoma, a pesares das recoñecidas fortalezas das que dispón nese mesmo ámbito. O chamado medio rural avanza na despoboación e abandono das terras, identificándose, cada día máis, coa desertización. O desequilibrio entre o rural e o urbano é manifesto:

- No urbano vive o 75-80 % da poboación ocupando ó 20-30 % do territorio.
- No rural vive o 20-25 % da poboación ocupando o 70-80 % do territorio.

Este desequilibrio limita, e mesmo reduce, o desenvolvemento global de Galicia en termos económicos, sociais, naturais, de emprego, medioambientais, etc...

É preciso, polo tanto, atallar esa dinámica negativa de despoboamento con políticas activas, claras, efectivas e avaliábeis que promovan a incorporación da mocidade para facilitar o relevo xeracional.

Por todo elo, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que a incorporación da mocidade ao mercado laboral no eido rural, para facilitar o relevo xeracional, é un freo importante á despoboación?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Raúl Fernández Fernández na data 17/01/2019 17:46:49**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/01/2019 17:46:54**



## Á Mesa do Parlamento

**Raúl Fernández Fernández e José Manuel Pérez Seco**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Galicia amosa un recoñecido escenario de debilidade nun amplo espazo territorial da Comunidade Autónoma, a pesares das recoñecidas fortalezas das que dispón nese mesmo ámbito. O chamado medio rural avanza na despoboación e abandono das terras, identificándose, cada día máis, coa desertización. O desequilibrio entre o rural e o urbano é manifesto:

- No urbano vive o 75-80 % da poboación ocupando ó 20-30 % do territorio.
- No rural vive o 20-25 % da poboación ocupando o 70-80 % do territorio.

Este desequilibrio limita, e mesmo reduce, o desenvolvemento global de Galicia en termos económicos, sociais, naturais, de emprego, medioambientais, etc...

É preciso, polo tanto, atallar esa dinámica negativa de despoboamento con políticas activas, claras, efectivas e avaliáveis que promovan o mantemento e potencien o sector lácteo co impulso ao establecemento e apertura de plantas de transformación láctea en Galicia, así como a mellora na comercialización do leite.

Por todo elo, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cre o Goberno galego que está a promover suficientemente o impulso á apertura e establecemento de plantas de transformación láctea en Galicia?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2019





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/01/2019 17:52:38  
**Nº Rexistro: 44057**  
Data envío: 17/01/2019 17:52:38.994

**Asinado dixitalmente por:**

**Raúl Fernández Fernández na data 17/01/2019 17:47:04**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/01/2019 17:47:10**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: REXISTRO-aNZb5JsnX-3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Raúl Fernández Fernández e José Manuel Pérez Seco**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Galicia amosa un recoñecido escenario de debilidade nun amplo espazo territorial da Comunidade Autónoma, a pesares das recoñecidas fortalezas das que dispón nese mesmo ámbito. O chamado medio rural avanza na despoboación e abandono das terras, identificándose, cada día máis, coa desertización. O desequilibrio entre o rural e o urbano é manifesto:

- No urbano vive o 75-80 % da poboación ocupando ó 20-30 % do territorio.
- No rural vive o 20-25 % da poboación ocupando o 70-80 % do territorio.

Este desequilibrio limita, e mesmo reduce, o desenvolvemento global de Galicia en termos económicos, sociais, naturais, de emprego, medioambientais, etc...

É preciso, polo tanto, atallar esa dinámica negativa de despoboamento con políticas activas, claras, efectivas e avaliáveis que promovan o aumento do peso das e dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente par os e as produtoras do leite.

Por todo o anterior, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que o aumento do peso das e dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para as e os produtores do leite é un freo a despoboación?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2019





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/01/2019 17:52:55  
**Nº Rexistro: 44058**  
Data envío: 17/01/2019 17:52:55.617

**Asinado dixitalmente por:**

**Raúl Fernández Fernández na data 17/01/2019 17:47:19**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/01/2019 17:47:25**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSV: REXISTRO-drcuUpAMH-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**Raúl Fernández Fernández e José Manuel Pérez Seco**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Galicia amosa un recoñecido escenario de debilidade nun amplo espazo territorial da Comunidade Autónoma, a pesares das recoñecidas fortalezas das que dispón nese mesmo ámbito. O chamado medio rural avanza na despoboación e abandono das terras, identificándose, cada día máis, coa desertización. O desequilibrio entre o rural e o urbano é manifesto:

- No urbano vive o 75-80 % da poboación ocupando ó 20-30 % do territorio.
- No rural vive o 20-25 % da poboación ocupando o 70-80 % do territorio.

Este desequilibrio limita, e mesmo reduce, o desenvolvemento global de Galicia en termos económicos, sociais, naturais, de emprego, medioambientais, etc...

É preciso, polo tanto, atallar esa dinámica negativa do despoboamento con políticas activas, claras, efectivas e avaliabile que promovan o impulso a un plan específico de viticultura social dirixido ás persoas a tempo parcial.

Por todo o anterior, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que o impulso a un plan específico de viticultura social dirixido ás persoas a tempo parcial é un freo a despoboación?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2019





**Asinado dixitalmente por:**

**Raúl Fernández Fernández na data 17/01/2019 17:47:33**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/01/2019 17:47:39**



## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno.**

Fai poucos días a Axencia de Turismo de Galicia licitou un contrato para a elaboración do Plan Estratéxico do Xacobeo 2021, por un importe de 66.000 euros, que tomará como base as liñas aprobadas polo Consejo Xacobeo, e a Comisión Organizadora do Xacobeo 2021 tal como se explica no prego de condicións, así como tamén se incide en que sexa unha conmemoración universal e perdurable que logre a maior participación posible. Así, este Plan Estratéxico ten que afondar, segundo declara a Axencia de Turismo, na promoción e o estímulo duns sectores turístico e cultural competitivos, na súa calidade e accesibilidade, buscando o equilibrio territorial, incidindo na participación colectiva e involucrando a toda a sociedade.

O presidente do Goberno, Sr. Feijoo, incidiu tamén no seu discurso do debate do estado da Autonomía de 2018, en que o Xacobeo 2021 sexa un proxecto aberto a todos os partidos con representación neste Parlamento e propuxo crear un grupo de trabalo no que se podan trasladar as achegas.

Este grupo de traballo foi constituído fai moi poucos días co Conselleiro de Cultura e Turismo e a equipa responsable do Xacobeo, e dende logo os socialistas estamos de acordo e apoiamos todo o que sexa dialogar, participar e colaborar e polo tanto tamén este grupo de traballo.

Pero tamén consideramos que a mellor maneira de participar e de contar dende o executivo cas nosas achegas en torno ao Xacobeo 2021, e o debate dun documento tan importante e que marcará o seu desenvolvemento como é o Plan Estratéxico do xacobeo 2021. As achegas realizadas sobre un documento e coñecendo toda a documentación que deu lugar a súa redacción, serán moito máis concretas e máis significativas ademais de responder a obriga de todo grupo parlamentario controlar a acción do Goberno.

O regulamento do Parlamento de Galicia, no seu artigo 142, ofrece a posibilidade de analizar calquera proxecto do Goberno antes de ser aprobado polo Consello da Xunta para que os grupos parlamentarios podan presentar todas as achegas que consideren pertinente. O Xacobeo é un evento sumamente



importante para Galicia dende moitos puntos de vista e consideramos que o seu documento mais resolutivo e organizativo como é o Plan Estratéxico non pode ser traído a esta Cámara como mera información senón que ten que ser debatido en profundidade por todos os grupos políticos e teñen que ser discutidas as aportacións de todos.

Este modo de proceder non sería unha novidade porque o Plan Xacobeo de 1993 foi aprobado por este Parlamento, despois de que todos os grupos coñeceran toda a documentación utilizada (máis de 6 tomos) e todos os documentos xerados, ademais do plan ao que lle foron presentadas resolucións por todos os grupos políticos

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

A través de que procedemento parlamentario ten pensado a Consellería de Cultura e Turismo presentar no Parlamento de Galicia o Plan estratéxico do Xacobeo 2021?

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López  
José Manuel Pérez Seco  
Abel Losada Álvarez  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 17/01/2019 17:58:02**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/01/2019 17:58:10**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 17/01/2019 17:58:18**



## Á Mesa do Parlamento

**Martín Fernández Prado, Miguel Tellado Filgueira, Jaime Castiñeiras Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputados e deputada do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno, polo trámite de urxencia**.

### Xustificación da Urxencia

A urxencia ven motivada por coñecer de primeira máan en sede parlamentaria o posicionamento do Goberno Galego sobre este tema.

O día 14 de xaneiro fixéronse públicas as Contas Xerais do Estado para o ano 2019.

No proxecto de Presupostos Xerais do Estado presentado, Galicia perde investimentos e perde peso no conxunto dos investimentos estatais. Unha perda de fondos que se fai máis evidente, se cabe, nos orzamentos do Ministerio de Fomento.

Así, mentres o orzamento do Ministerio de Fomento medra en termos xerais e o investimento territorializado sobe máis aínda no conxunto de España, estas subas contrastan coa diminución partidas e de investimento territorializado que os presupostos recollen para a Comunidade galega.

Desde este grupo parlamentario estamos fondamente preocupados ante o que consideramos un agravio a Galicia e unha falta de compromiso coas necesidades básicas en materia de infraestruturas.

O proxecto presentado non recolle as partidas necesarias para seguir adiante con proxectos estratéxicos en materia de infraestruturas viarias; tampouco recolle os fondos necesarios para seguir avanzando en proxectos ferroviarios xa comprometidos; e no eido das infraestruturas hidráulicas as partidas que se cuantifican son mínimas.

É por iso que os deputados e deputadas asinantes presentamos a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno, polo trámite de urxencia**:

-Que valoración fai o Goberno galego dos Presupostos Xerais do Estado para 2019 presentados polo Goberno central?



Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Fernández Prado na data 21/01/2019 14:16:14**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 21/01/2019 14:16:49**

**Jaime Castiñeira Broz na data 21/01/2019 14:16:59**

**Jacobo Moreira Ferro na data 21/01/2019 14:17:08**

**Marta Novoa Iglesias na data 21/01/2019 14:17:30**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 21/01/2019 14:17:48**

**Gonzalo Trenor López na data 21/01/2019 14:18:00**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 21/01/2019 14:18:24**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



## Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola gravidade dos feitos ocorridos no mes de decembro no Porto de Malpica coa perda dunha vida humana, e a necesidade de adoptar medidas urxentes para evitar novas desgrazas.

Na madrugada do 20 de decembro o pesqueiro Silvosa no porto de Malpica, como consecuencia das correntes e remuíños que provocan un perigo constante golpeou un muro da dársena e envorcou. Como resultado houbo unha persoa falecida. O resto dos tripulantes conseguiron chegar ao porto polos seus propios medios. Unha traxedia que se podía ter evitado.

Simplemente, calquera persoa que tivese a oportunidade de ver saír un barco deste porto, sorprenderíase da valentía que se precisa para realizar esta manobra, unha operación que debería ser rutineira está a provocar accidentes dramáticos máis a miúdo do desexado. As correntes dificultan as manobras de saída. É evidente a situación de perigo que supón esta operación nas condicións actuais, cualificada no medio mariño como de pericia, valentía e temeridade.

Non é un tema novo, lévase moito tempo advertindo dos riscos de non acometer as obras para evitar a situación de perigo da bocana. A pesares diso, nos orzamentos do ano 2019 non hai partidas establecidas para realizar os estudos técnicos ou as obras que eliminen o alto nivel de risco existente no porto.

Cando O Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 (PEG), comeza a súa recta final, establecendo coma unha das súas liñas de actuación “*a construción das novas infraestruturas necesarias para a mellora da seguridade e das condicións de traballo das persoas que se dedican á pesca*” resulta especialmente preocupante o seu incumprimento dada a situación dalgúns portos galegos, que non cumpren cos requisitos mínimos de seguridade, á espera de actuacións concretas.

Pero, diante dos obxectivos estratéxicos, só podemos falar da irresponsabilidade dun Goberno que, coñecedor da situación, e que implantou como obxectivo a modernización dos portos galegos mediante a dotación de medidas de seguridade necesarias, non cumpre cos propósitos que el mesmo estableceu, e por iso cada saída do porto de Malpica continúa a ser unha operación cun enorme risco para as persoas que se dedican a estes labores.



Cabe, polo tanto, preguntarse se ante a gravidade da situación o Goberno galego ten decidido que actuacións vai desenvolver para evitar novas desgrazas, por iso as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas concretas vai levar a cabo o Goberno galego para dotar de seguridade o porto de Malpica?

Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 21/01/2019 12:41:50**

**Patricia Otero Rodríguez na data 21/01/2019 12:42:02**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres e Ana Pontón Mondelo**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

### Xustificación da urxencia

A urxencia vén xustificada pola preocupación social existente en relación coa seguridade marítima despois dos naufraxios que se produciron no mes de decembro pasado.

### Exposición de motivos

A finais do mes de decembro nas costas de Galiza vivíuse unha auténtica traxedia ao producirse con apenas vinte e catro horas de diferenza dous naufraxios que se cobraron a vida de cinco mariñeiros. O primeiro o día 19 a 4.5 millas do Cabo Fisterra o barco cerqueiro Sen Querer 2, co triste balance de tres mariñeiros mortos e un a día de hoxe aínda desaparecido. Ao día seguinte, 20 de decembro, O Silvosa envorcaba e afundía no mesmo peirao de Malpica por mor das correntes xeradas na entrada da dársena, levándose por diante a vida do patrón do mesmo.

A seguridade das xentes do mar debe ser unha prioridade para o Goberno galego, non poden xogarse a vida continuamente cando saen a faenar e moito menos no





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

propio porto como no caso de Malpica, por causa dunha infraestrutura que non garante a seguridade nas manobras das embarcacións na entrada e saída da dársena.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas e deputados asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Despois dun mes de decembro tráxico para as xentes do mar, que medidas ten previsto adoptar a Consellaría do Mar para mellorar a seguridade tanto nas nosas costas como en portos como o de Malpica?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 21/01/2019 16:34:29**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/01/2019 16:34:34**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/01/2019 16:34:36**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/01/2019 16:34:37**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/01/2019 16:34:39**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/01/2019 16:34:40**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira, Antón Sanchez García, Carmen Santos Queiruga, Paula Vázquez Verao, Anxeles Cuña Bóveda, Flora Miranda Pena, Marcos Cal Ogando, Pancho Casal Vidal, Luca Chao Perez, Julia Torregrosa Sañudo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Manuel Lago Peñas**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA** para a súa resposta **oral en Pleno, con carácter urxente**.

### **Xustificación da Urxencia.**

Ferroatlántica ven de anunciar o peche durante seis meses dos seus fornos nº 13 e 14 onde fabrica Ferromanganeso.

Isto suporá a paralización de varias empresas auxiliares, a non renovación de contratos eventuais e o risco de presentación dun ERE por parte da empresa. As excusas da empresa, xustificadas na baixada das axudas de interrumpibilidade, son totalmente inadmisibles tendo en conta as características de autoprodutor que ten a compañía, o que lle permitiría abastecerse de electricidade a custos moi inferiores as do mercado.

Ferroatlántica prefire facer un negocio fabuloso vendendo a enerxía no mercado no canto de abastecer ás súas propias factorías, condición que sustenta a concesión das centrais.

As materias primas para a fabricación de ferromanganeso xa están a ser trasladadas a outras factorías de fora de España para, desde alá, aprovisionar aos clientes actuais de Cee e Dumbría.





Por todo o anteriormente sinalado, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno, con carácter urxente:**

Ante a evidencia da parada de fornos en Ferroatlántica, que actuacións pensa desenvolver a Xunta de Galicia para evitar esta situación e as súas consecuencias?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 21/01/2019 17:05:23**

**Antón Sánchez García na data 21/01/2019 17:05:29**

**Carmen Santos Queiruga na data 21/01/2019 17:05:35**

**Paula Vázquez Verao na data 21/01/2019 17:05:43**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/01/2019 17:05:49**

**Eva Solla Fernández na data 21/01/2019 17:05:52**

**Luca Chao Pérez na data 21/01/2019 17:05:55**

**Paula Quinteiro Araújo na data 21/01/2019 17:05:58**

**Flora María Miranda Pena na data 21/01/2019 17:06:01**





**José Manuel Lago Peñas na data 21/01/2019 17:06:04**

**Francisco Casal Vidal na data 21/01/2019 17:06:06**

**David Rodríguez Estévez na data 21/01/2019 17:06:09**

**Marcos Cal Ogando na data 21/01/2019 17:06:12**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 21/01/2019 17:06:15**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

### **PREGUNTA AO PRESIDENTE:**

*Que máis ten que pasar para que rectifique a súa política sanitaria de recortes e privatizacións?*

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/01/2019 18:16:00**



## Á Mesa do Parlamento

**Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, está disposto a rectificar en profundidade a súa política sanitaria dos últimos anos?

Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**  
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/01/2019 17:33:09**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira**, Voceiro do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. Presidente, cando vai parar de recortar dereitos á cidadanía galega?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2019.


Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 21/01/2019 17:04:49**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727